RELACIÓN DE ACORDOS APROBADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA NA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DO 30.06.2017

*Declaración institucional en apoio á poboación de refuxiados saharauis.

Actas

1.-Aprobación das actas anteriores: ordinaria número 5/17, do 26 de maio e extraordinaria número 6/17, do 8 de xuño.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da número 16001 á número 20800, de 2017.

Comisión de Cultura e Normalización Lingüística

3.-Modificación da Ordenanza de uso da lingua galega na Deputación da Coruña.

4.-Concesión de subvención nominativa á Universidade da Coruña para financiar a Programación cultural e de divulgación do coñecemento científico do ano 2017, e aprobación do correspondente convenio.

Comisión de Deportes e Mocidade

5.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Deportivo Boiro correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a participación na 2ª División Nacional B de Fútbol no ano 2016.

6.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Unión Deportiva Somozas correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a participación na 2ª División Nacional B de Fútbol no ano 2016.

Comisión de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero

7.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carballo para financiar o mantemento da Unidade Asistencial de Drogodependencias 2017.

Comisión de Infraestruturas Viarias, Vías e Obras Provinciais e Medio Ambiente

8.-Aprobación provisional da primeira fase do Plan de travesías 2016.

9.-Aprobación provisional da primeira relación da segunda fase do Plan de travesías 2016.

10.-Aprobación da cuarta fase do Plan de sendas peonís 2017.

11.-Aprobación do Plan de investimentos en vías provinciais 2017, cuarta fase.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

12.Aprobación inicial do Regulamento de usos do Teatro Colón.

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico

13.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ames para o financiamento da subministración de "Vehículo de distribución de alimentos para colexios"

14.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ares para o financiamento das obras de "Mellora da seguridade viaria en Pedrós (Avda. do Mazote á cidade deportiva de Ares"

15.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Arzúa para o financiamento das obras de "Reparacións puntuais na bancada do campo de fútbol de Arzúa e reparación de dúas pistas de tenis"

16.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Boiro para o financiamento das obras de "Renovación de cuberta e instalación de alumeado no polideportivo de Santa Baia".

17.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Corcubión para o financiamento das obras de "Reforma do Mercado Municipal"

18.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Corcubión para o financiamento da obra de "Mellora do saneamento e pavimentación rúa San Marcos e contorna"

19.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ferrol para o financiamento da "Subministración de colectores de recollida selectiva de papel e aceite para o servizo de recollida de residuos"

20.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Fisterra para o financiamento das obras de "Saneamento e pavimentación do Vilar"

21.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Laxe para o financiamento da obra de "Mellora da seguridade viaria en distintas vías e camiños veciñais de titularidade municipal no Concello de Laxe : Laxe, Serantes, Traba e Nande"

22.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Monfero para o financiamento da obra de "Acondicionamento e rehabilitación do campo de fútbol do Xestal – San Fiz"

23.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Monfero para o financiamento das obras de "Iluminación do campo de fútbol do Xestal - San Fiz"

24.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Narón para o financiamento das obras de "Reposición da instalación eléctrica e falsos teitos nos locais sociais da Gándara, San Xiao, O Couto e Sedes"

25.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Outes para o financiamento da obra de "Interior en Boel e outros"

26.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ponteceso para o financiamento da obra de "Reparación e consolidación da Ponte da Garga"

27.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Toques para o financiamento da obra de "Reparación de camiños en Samil, San Xulián e outros"

28.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Vilasantar para o financiamento da obra de "Reparación de camiños municipais da parcelaria na parroquia de Armental"

29.- Aprobación do proxecto modificado da obra "Acondicionamento da área recreativa O Castro e outros" do Concello de Cerdido, incluída na 4ª e derradeira fase do Plan de acción social (PAS) 2015 e aprobación definitiva da obra dentro do Plan (código 2015.3110.0266.0)

30.- Aprobación do proxecto modificado da obra "Substitución do acabado de cuberta do Polideportivo Municipal" do Concello de Corcubión incluída no Plan de acción social (PAS) 2015 3ª fase (código 2015.3110.0043.0)

31.- Aprobación do proxecto modificado da obra "Reforma do parque infantil de San Roque" do Concello de Fisterra, incluída no Plan de acción social (PAS) 2015 3ª fase (código 2015.3110.0070.0)

32.- Aprobación do proxecto modificado da obra "Rehabilitación, conservación e mellora da accesibilidade na Casa do Concello e na Casa da Cultura" do Concello de Mazaricos incluída no Plan complementario ao Plan de acción social (PAS) 2015, 3ª fase

33.- Aprobación do proxecto modificado da obra "Aparcadoiro en Praia do Naval", do Concello de Oleiros, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 co código 16.2100.0122.0

34.- Aprobación do proxecto modificado da obra "Renovación de pavimentos na rúa Rapa da Folla", do Concello de Santiago de Compostela, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014 co código 14.2100.0177.0.

35.- Aprobación do proxecto modificado da obra "Mellora da seguridade viaria na rúa da Cañoteira" do Concello de Santiago, incluída no PLAN DTC 93 ADICIONAL 1/2014, 2ª FASE (2014.3281.0420.0)

36.- Aprobación do proxecto modificado da obra “Reforma da biblioteca e outros na Casa de Cultura”, do Concello de Valdoviño, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 co código 16.2100.0200.0

37.- Convenio de colaboración entre a. Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña para o financiamento das actividades "Fórum Gastronómico Coruña 2017”

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

38.-Aprobación da información sobre o período medio de pago a provedores a que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de maio de 2017 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación e polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña entre o 1 e o 31 de maio de 2017.

39.-Aprobación do informe sobre o estado de execución orzamentaria a 31/05/2017 e proxección a 31/12/2017.

40.-Dar conta da información rendida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en cumprimento do artigo 16 da orde HAP/2015/2012 do 1 de outubro. Execución do primeiro trimestre do exercicio 2017 na Deputación Provincial da Coruña e no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, e do estado consolidado.

41.-Ordenanza de prezos públicos aplicables ás actividades culturais, teatrais e escénicas que se han desenvolver no Teatro Colón da Deputación da Coruña.

42.-Toma de coñecemento das resolucións da Presidencia números 17.026 do 29/05/2017 e 18.304 do 08/06/2017, de cesamento e nomeamento de persoal eventual.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

I.Moción dos Grupos provinciais de Marea Atlántica e Compostela Aberta sobre o impacto ambiental das minas de San Fins, en Lousame.

II.Moción dos Grupos provinciais PSdG-PSOE, BNG, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños pola ampliación da unidade de hemodiálise do Hospital Virxe da Xunqueira.

III. Moción dos Grupos provinciais PSdG-PSOE, BNG, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños en rexeitamento do peche de centros educativos públicos nos concellos das Pontes e Outes, por parte da Xunta de Galicia.

ROGOS E PREGUNTAS

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL EN APOIO Á POBOACIÓN DE REFUXIADOS SAHARAUIS

Nun recente informe do Secretario Xeral do Consello de Seguridade da ONU, sobre a situación relativa ao Sáhara Occidental, advertíase da falta crónica de financiamento para o programa de refuxiados e o deterioro da situación humanitaria, especialmente precaria tendo en conta que as necesidades son cada vez maiores.

Esta situación ven derivada do esgotamento das existencias de reservas de alimentos básicos máis imprescindibles (azúcar e arroz, entre outros) e a consecuente reducción das racións mensuais de alimento que o Programa Mundial de Alimentos (PMA) destina aos refuxiados saharauís.

Entre outras consideracións, no citado informe faise referencia a que no 2016 apenas se financiaron a medade dos recursos humanitarios proporcionados polos organismos de axuda humanitaria pertinentes, especialmente polo PMA, polo que o Secretario Xeral exhorta á comunidade internacional a que aumente o financiamento deste programa humanitario e fai un chamamento a novos doantes para que se proporcionen máis contribucións e para que non se reduzan as racións de alimentos que se ofrecen.

A "Media-Luna Roja Saharaui" (MLRS), pola súa banda, e como organización con implantación no terreo afectado, fai un chamamento a todos os países doantes e as organizacións humanitarias para que proporcionen axuda urxente para paliar a situación de carencia de alimentos nos campamentos de refuxiados saharauís.

En Galicia, a "Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí", entidade que mantén unha colaboración frecuente coa MLRS, faise eco do chamamento e solicítalle á Deputación unha achega económica para o seu envío aos Campamentos de Refuxiados Saharauís para a compra de alimentos necesarios para paliar a situación de carencia que afecta, de xeito especial, ao sector da poboación máis vulnerable.

A Deputación da Coruña, sensible coas políticas de cooperación ao desenvolvemento, sempre amosou a súa disposición a colaborar a través da axuda humanitaria e de emerxencia, nas accións encamiñadas ao envío con carácter urxente e non discriminado do material de socorro necesario, incluída a axuda alimentaria de emerxencia para protexer as vidas humanas e aliviar a situación das poboacións afectadas.

Polas razóns expostas, proponse ao Pleno Corporativo a aprobación da seguinte declaración insitucional:

"A Deputación Provincial da Coruña expresa a súa solidariedade coa poboación dos campamentos de refuxiados saharauís e asume o compromiso de tramitar o máis axiña unha achega económica con destino á subministración de alimentos para a poboación saharauí refuxiada nos Campamentos de Tinduf-Alxeria.

1.-APROBACIÓN DAS ACTAS ANTERIORES: ORDINARIA NÚMERO 5/17, DO 26 DE MAIO E EXTRAORDINARIA NÚMERO 6/17, DO 8 DE XUÑO.

Apróbanse, por unanimidade, as actas anteriores: ordinaria número 5/17, do 26 de maio e extraordinaria número 6/17, do 8 de xuño.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA NÚMERO 16001 Á NÚMERO 20800, DE 2017.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da número 16001 á número 20800, de 2017.

3.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE USO DA LINGUA GALEGA NA DEPUTACIÓN DA CORUÑA.

1.- Modificar o acordo plenario do 26 de maio de 2017 de aprobación inicial da Ordenanza de uso da lingua galega na Deputación Provincial da Coruña, no sentido de suprimir do sumario: "*Capítulo XIV. Cumprimento e seguimento da ordenanza".*

2.- Abrir un novo prazo de información pública de trinta días, dando audiencia aos interesados para presentaren reclamacións e suxestións.

3.- Entender que a aprobación inicial é definitiva, no caso de que, transcorrido o período de información pública, non se presentase ningunha reclamación ou suxestión, sen necesidade de adoptar novo acordo plenario.

A ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e cando teña transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local

4.-CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA FINANCIAR A PROGRAMACIÓN CULTURAL E DE DIVULGACIÓN DO COÑECEMENTO CIENTÍFICO DO ANO 2017, E APROBACIÓN DO CORRESPONDENTE CONVENIO.

1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa á Universidade da Coruña, por importe de **105.000 €**, concedida para financiar a *Programación cultural e de divulgación do coñecemento científico para o ano 2017* cun orzamento subvencionado de 131.250 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 15 de xuño de 2017.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2018, autorice o correspondente orzamento.

"**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña para financiar *a Programación cultural e de divulgación do coñecemento científico do ano 2017***

Na Coruña, o

REÚNENSE

Dona Goretti Sanmartín Rei, deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

Don Julio E. Abalde Alonso, reitor da Universidade da Coruña (en diante UDC), actuando en nome e representación desta en virtude dos poderes outorgados polo artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro de universidades, e o artigo 36.1.f) do Decreto 101/2004 do 13 de maio modificado polo decreto 194/2007, do 11 de outubro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade da Coruña,

Actuando as persoas que interveñen na representación indicada e recoñecéndose mutuamente capacidade para a sinatura do presente documento

MANIFESTAN

Primeiro.- Que a UDC é unha entidade de dereito público que ten atribuída por lei a prestación do servizo público de educación superior no ámbito territorial da provincia da Coruña, e de acordo co artigo 1º dos seus estatutos, son funcións da universidade ao servizo da sociedade:

* A creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura.

* A difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade da vida e do desenvolvemento económico.

* A difusión do coñecemento e da cultura a través da extensión universitaria e da formación ao longo de toda a vida.

Segundo.- Que a UDC a través da Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria, ten entre as súas funcións a promoción e a difusión das actividades culturais e da difusión da cultura científica e dos coñecementos entre a sociedade galega, e mais concretamente no contorno da provincia da Coruña, polo que vén traballando dende hai tempo no desenvolvemento de actividades de divulgación científica e cultural

Terceiro.- Que a Deputación da Coruña ten entre os seus obxectivos o fomento da educación e a programación e subvención das actividades culturais, artísticas e científicas, en colaboración con outras entidades e organismos, para contribuír de maneira sustentable ao avance do coñecemento e o benestar social.

Cuarto.- Que a Deputación da Coruña e a UDC desexan formalizar a súa colaboración no ámbito da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento, as actividades culturais, artísticas e científicas, nun novo convenio marco que favoreza o entendemento entre as partes e axilice os procesos.

En virtude do exposto, e dando cumprimento á vontade das entidades ás que respectivamente representan,

os comparecentes outorgan neste acto o presente convenio de colaboración, e acordan formalizalo regulado polas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña (NIF: Q6550005J) para financiar parcialmente os gastos derivados da ***Programación cultural e de divulgación do coñecemento científico do ano 2017.***

II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria.

A UDC desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Xornadas sobre divulgación	11.000
Xornada sobre linguaxe e investigación científica: papel da linguaxe na Ciencia Básica e a Ciencia Aplicada (Material de imprenta e difusión, Transporte relatores, Material	

para as xornadas, Servizo de tradución simultánea, pago e Aloxamento relatores)	9.000
Promoción das vocacións científicas entre a sociedade da provincia da Coruña	
A Ciencia no teu colexio	3.000
Expociencia	3.000
Fin de semana científico	2.250
Café con ciencia	1.000
Actividades de intervención cultural	
Aula de teatro e danza	
Monitor teatro	9.000
Monitor danza	6.000
Xiras	7.000
FITEUC-Produción (iluminador e coreógrafo)	5.000
FITEUC-Imprenta	1.500
Obradoiros	
Monitores (pago-taxas recadadas)	12.600
Seguros	2.000
Músicos	600
Coro	9.000
Exposicións	
Proxecto A barraca verde:	
Proxección de 5 pezas documentais e exposición fotográfica	3.300
Produción	12.000
Montaxe	12.000
Material	2.400
Imprenta	600
Catálogos	9.000
Gastos indirectos	
Persoal da UDC	10.000
TOTAL	***131.250 €***

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **105.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **80 %** do orzamento total.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos, propios ou alleos, a UDC acredita que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á UDC.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80%, da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/326.9/ 453.90 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para executar a actividade corresponderalle á UDC, asume, xa que logo, as conseguintes responsabilidades, as actividades necesarias para realizar a *Programación cultural e de divulgación do coñecemento científico do ano 2017* referido neste convenio.

De conformidade co establecido no artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, autorízase a UDC para que poida concertar a execución parcial das actividades obxecto da subvención con persoas vinculadas coa entidade, cando os servizos teñan que serlles encomendados pola súa especialización e idoneidade para o correcto desenvolvemento das actividades.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 €, con carácter previo á contratación, a UDC deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- A Deputación da Coruña constitúese en organismo patrocinador das actividades sinaladas na cláusula primeira, polo que na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da UDC.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada a UDC despois da presentación da seguinte documentación:

* Memoria da actuación, subscrita polo representante legal da UDC, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Certificación desagregada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2017.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2017, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a UDC deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2018.**

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento a UDC para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto; aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a UDC da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola UDC na documentación achegada

Se transcorresen máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a UDC terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A UDC deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.

Para este fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A UDC destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a UDC deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a UDC poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a UDC queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, este incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a

identificación da UDC serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Igualmente, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención a UDC será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2018** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2017.

2.- Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, tralos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora desta xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

5.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CLUB DEPORTIVO BOIRO CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA PARA FINANCIAR A PARTICIPACIÓN NA 2ª DIVISIÓN NACIONAL B DE FÚTBOL NO ANO 2016.

1.- Aprobar o convenio co Club Deportivo Boiro correspondente á subvención nominativa, por importe de 30.000 €, concedida para financiar a participación na 2ª División Nacional B de Fútbol no ano 2016, cun orzamento subvencionado de 221.000 €, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 26 de maio de 2017.

"Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Deportivo Boiro correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a participación na 2ª División Nacional B de Fútbol no ano 2016.

A Coruña,

REUNIDOS

D. José García Liñares, deputado de Deporte e Mocidade, en virtude das resolucións da Presidencia número 2015/15671 e 2015/16642, polas que se lle delega competencia para asinar convenios da súa area.

D. David Places Fontaine, presidente do **Club Deportivo Boiro.**

MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte

Que o **Club Deportivo Boiro** é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o **Club Deportivo Boiro** coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o **Club Deportivo Boiro** (CIF: **G15096530**) para financiar **a participación na 2ª División Nacional B de Fútbol no ano 2016.**

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

O **Club Deportivo Boiro** desenvolve as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Transporte	40.000,00 €
Material deportivo (petos, balóns, picas, etc.)	3.000,00 €
Nóminas	90.000,00 €
Seguridade Social	40.000,00 €
Mutualidade	4.000,00 €
Arbitraxes	25.200,00 €
Lavandería	5.000,00 €
Hoteis (NON Manutención)	10.000,00 €
Gastos Indirectos	3.800,00 €
Total	221.000,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **30.000€,** o que representa unha porcentaxe do **13,57%.**. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **13,57%**, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0612/341.1/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.-A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponden **ao Club Deportivo Boiro**. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas **ao Club Deportivo Boiro**, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a **Club Deportivo Boiro** deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3.No caso de que o **Club Deportivo Boiro** tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- Publicidade e financiamento provincial.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do **Club Deportivo Boiro.**

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada ao **Club Deportivo Boiro**, unha vez que se presente a seguinte documentación:

.- Memoria de actuación (asinada en todas as follas), subscrita polo representante legal do **Club Deportivo Boiro** xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

.- Relación clasificada dos gastos realizados, (con IVE e sen IVE) no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

.- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2016.

.- No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

.- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, descritas na cláusula PRIMEIRA, teñen efectos retroactivos e están comprendidas desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2016.

2. Unha vez rematadas as actividades, **o Club Deportivo Boiro** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes do día **31 de outubro de 2017**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao **Club Deportivo Boiro** para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao **Club Deportivo Boiro,** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56 das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Club Deportivo Boiro**, na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, **ao Club Deportivo Boiro**, terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.

1. O **Club Deportivo Boiro** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1. O **Club Deportivo Boiro**, destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€ nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, ao **Club Deportivo Boiro**, deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o **Club Deportivo Boiro** poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o **Club Deportivo Boiro** queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago at a o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00€ se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€ Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do **Club Deportivo Boiro,** serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Club Deportivo Boiro** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de outubro de 2017.**

Terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poden terse realizado dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2016.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2017, autorice o correspondente Orzamento.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente do **Club Deportivo Boiro** respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

6.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CLUB UNIÓN DEPORTIVA SOMOZAS CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA PARA FINANCIAR A PARTICIPACIÓN NA 2ª DIVISIÓN NACIONAL B DE FÚTBOL NO ANO 2016.

1.- Aprobar o convenio co Club Unión Deportiva Somozas correspondente á subvención nominativa, por importe de 30.000,00 €, concedida para financiar a participación na 2ª División Nacional B de Fútbol no ano 2016, cun orzamento subvencionado de 59.540,96 €, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 9 de xuño de 2017.

"Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Unión Deportiva Somozas correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a participación na 2ª División Nacional B de Fútbol no ano 2016

A Coruña,

REUNIDOS

D. José García Liñares, deputado de Deporte e Mocidade, en virtude das resolucións da Presidencia número 2015/15671 e 2015/16642, polas que se lle delega competencia para asinar convenios da súa area.

D. Juan Alonso Tembrás, presidente do **Club Unión Deportiva Somozas**

MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte

Que o **Club Unión Deportiva Somozas** é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o **Club Unión Deportiva Somozas** coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o **Club Unión Deportiva Somozas** (CIF:G15473283) para financiar **a participación na 2ª División Nacional B de Fútbol no ano 2016.**

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

O **Club Unión Deportiva Somozas** desenvolveu as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
NÓMINAS DO PERSOAL CONTRATADO (xaneiro e febreiro)	59.540,96 €
TOTAL	59.540,96 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **30.000€,** o que representa unha porcentaxe do **50,39 %**. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **50,39%**, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0612/341.1/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.-A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponde ao **Club Unión Deportiva Somozas**. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao **Club Unión Deportiva Somozas**, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, o **Club Unión Deportiva Somozas** deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3.No caso de que o **Club Unión Deportiva Somozas** tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- Publicidade e financiamento provincial.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do **Club Unión Deportiva Somozas.**

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada ao **Club Unión Deportiva Somozas**, unha vez que se presente a seguinte documentación:

.- Memoria de actuación (asinada en todas as follas), subscrita polo representante legal do **Club Unión Deportiva Somozas** xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

.- Relación clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

.- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2016.

.- No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

.- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, descritas na cláusula PRIMEIRA, teñen efectos retroactivos e están comprendidas desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2016.

2. Unha vez rematadas as actividades, o **Club Unión Deportiva Somozas** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes do día **31 de outubro de 2017**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao **Club Unión Deportiva Somozas** para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao **Club Unión Deportiva Somozas,** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56 das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Club Unión Deportiva Somozas**, na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, ao **Club Unión Deportiva Somozas**, terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.

1. O **Club Unión Deportiva Somozas** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das devanditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1. O **Club Unión Deportiva Somozas** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€ nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, ao **Club Unión Deportiva Somozas**, deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o **Club Unión Deportiva Somozas** poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade

para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o **Club Unión Deportiva Somozas** queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00€ se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€ Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **Club Unión Deportiva Somozas,** serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención o **Club Unión Deportiva Somozas**, será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de outubro de 2017.**

Terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poden terse realizado dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2016.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2017, autorice o correspondente Orzamento.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do **Club Unión Deportiva Somozas** respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

7.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARBALLO PARA FINANCIAR O MANTEMENTO DA UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS 2017.

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2.- Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Carballo, CIF P1501900C para o financiamento do "Mantemento da Unidade Asistencial de Drogodependencias. Ano 2017", cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 30.000,00 €, que representa unha porcentaxe do 12,74% do total do gasto previsto que é de 235.390,98 €, importe que será aboado conforme ao previsto nas cláusulas VI e VIII do texto do convenio, e con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/46201 do orzamento vixente.

3.- Prodúcese unha economía de 10.000 € o que deberá terse en conta para os efectos contables oportunos.

4.- Condicionar a vixencia do convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2018".

Número__ /2017

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARBALLO PARA FINANCIAR O *"MANTEMENTO DA UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS NO ANO 2017"*

Na Coruña, a

REUNIDOS

Dona Ánxela Franco Pouso, Deputada de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade, en virtude das resolucións da Presidencia nº 15671/2015 e 16642/2015 polas que se lle delega competencia para asinar convenios na súa área.

Don Evencio Ferrero Rodríguez, Alcalde Presidente do Concello de Carballo.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Que o Concello de Carballo é competente para a xestión da Unidade Asistencial de Drogodependencias, conforme co previsto no art. 25 da Lei de Bases de Réxime Local 7/85 do 2 de abril e art. 62 e 14 da Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008.

Que a Deputación da Coruña, e competente para colaborar na xestión indicada, conforme ao previsto na citada Lei de bases de réxime local art. 36, de conformidade coa Lei de admón. local de Galicia 5/97 art. 109 e 119 así como co disposto na Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008, art. 61 a 63.

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Carballo ambas as dúas partes, acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme as seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Carballo co CIF P-1501900C, para financiar o ***mantemento da Unidade Asistencial de Drogodependencias*** que presta servizos de atención e tratamento de drogodependencias así como programas de protección da saúde, aos concellos de Camariñas, Fisterra, Malpica de Bergantiños, Cee, A Laracha, Muxía, Ponteceso, Coristanco, Laxe, Cabana, Vimianzo, Zas, Corcubión e Dumbría.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE VAI REALIZAR O CONCELLO DE CARBALLO

O Concello de Carballo levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
1.- Gastos de persoal	
1.1. Retribucións básicas e complementarias	143.106,73
1.2. Seguridade Social	45.784,25
1.3. Gastos formación do persoal e locomoción do persoal	2,000,00
2.- Produtos farmacéuticos e sanitarios	
2.1. Produtos farmacéuticos	2.500,00
2.3. Material sanitario de consumo	2.500,00
3.- Outros aprovisionamentos	
3.1. Libros e revistas	1.000,00

3.2. Material de limpeza e aseo	1.000,00
3.3. Material de oficina diverso	1.000,00
4.- **Servizos exteriores**	
4.1. Limpeza	6.500,00
4.2. Traballos realizados por outras empresas (vixilancia)	30.000,00
TOTAL DO GASTO	**235.390,98**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **30.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de **12,74%**.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 12,74%, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando o Concello de Carballo que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Para a anualidade 2017 existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello de Carballo de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para eses anos e a que nel existe dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao Concello de Carballo o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, o Concello de Carballo axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o Concello de Carballo tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Carballo.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade disposta na base 57ª das de execución do orzamento para o ano 2017 ata o 50% da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Carballo pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- O Concello de Carballo estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o verifiquen.

2 - Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50% restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Concello de Carballo, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como se describen na cláusula primeira, deberán estar realizadas desde o **1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2017**.

2. Unha vez realizada a actividade, o Concello de Carballo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta, **antes do 31 de maio de 2018**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Carballo para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Carballo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6 das de execución do orzamento da deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Carballo na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Carballo terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de Carballo deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de Carballo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Carballo poderá ser escollido pola Intervención provincial para realizar un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Igualmente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Carballo queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6 das de execución do orzamento da deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10

% do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20% do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30% do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Carballo serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Igualmente, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Carballo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro de 2017, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a esta data e o convenio conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio de 2018,** todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio correspondente.

2.Para o caso de que o Concello de Carballo non poida ter presentada a xustificación antes do día **31 de maio de 2018**, deberá solicitar polo menos dous meses antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2018**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Carballo

perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderase crear unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de Carballo, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora desta xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

A DEPUTADA DE BENESTAR SOCIAL, EDUCACIÓN E POLÍTICAS DE IGUALDADE

Ánxela Franco Pouso

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARBALLO

Evencio Ferrero Rodríguez

8.-APROBACIÓN PROVISIONAL DA PRIMEIRA FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS 2016.

1.- Aprobar provisionalmente o PLAN DE TRAVESIAS 2016 PRIMEIRA FASE integrado polo proxecto que se relaciona, e por un importe total de 837.464,30:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO
2016.1130.0001.0	Actualización do proxecto de ensanche e mellora da seguridade vial e proxecto de renovación de servizos urbanos na DP 9301 da estrada da Coruña-Fisterra á estrada Baio-Ponteceso, PK 0,000 ao 1,320 (Zas)	Zas	837.464,30
		TOTAL	**837.464,30**

2.- Expoñer ao público, unha vez aprobados provisionalmente, por un prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentarse reclamacións.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións, unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe

9.-APROBACIÓN PROVISIONAL DA PRIMEIRA RELACIÓN DA SEGUNDA FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS 2016.

1.- Aprobar provisionalmente o proxecto de mellora da travesía de Souto na DP-4604 PK 5,68-7,5 do Concello de Toques, do Plan de travesías 2016, segunda fase primeira relación, co código 16.1130.0003.0 , cuxos datos son os seguintes:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO
2016.1130.0003.0	Mellora da travesía do Souto na DP-4604 PK 6,680 ao 7,500 (Toques)	Toques	225.556,78
		TOTAL	225.556,78

2.- Expoñer ao público, unha vez aprobados provisionalmente, por un prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentarse reclamacións.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe

4.- A presente aprobación definitiva quedará condicionada á aprobación da incorporación dos remanentes procedentes do exercicio anterior.

10.-APROBACIÓN DA CUARTA FASE DO PLAN DE SENDAS PEONÍS 2017.

1.- Aprobar o Plan de SENDAS PEONÍS 2017 CUARTA FASE cun orzamento total de 609.912,60.- euros, con cargo á aplicación 0410/4535/60900 que se detalla:

CODIGO	**DENOMINACÓN**	**CONCELLO**	**PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4535/60900**
1711700004.0	ACONDICIONAMENTO DA DP 2402 DE ACCESO Á ESTACION DE CERCEDA	CERCEDA	493.677,82
1711700005.0	SENDAS PEONIS SEGURIDADE VIAL EN DP 1004 PK 2+240 A 2+835 (MARXE IZQUIERDA) E NA DP 4701 PK 0+000 A 0+320 (MARXE DEREITA)	MESIA	116.234,78
		TOTAL	609.912,60

2.- Expoñer ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe

11.-APROBACIÓN DO PLAN DE INVESTIMENTOS EN VÍAS PROVINCIAIS 2017, CUARTA FASE.

1.- Aprobar o Plan de INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2017 CUARTA FASE cun orzamento total de 1.108.079,74.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CODIGO	**DENOMINACÓN**	**CONCELLO**	**PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4531/60900**
1711100009.0	MODIFICACION DO TRAZADO ESTRADA DP 2204 Ó SEUSPÀSO POLO NÚCLEO DE PONTIGAS	CEDEIRA	607.086,65
1711100010.0	AMPLIACION DA PLATAFORMA E MELLORA DO TRAZADO DA DP 8202 GALANAS A CACHEIRAS PK 3+500 AO 4+240	TEO	325.595,04
'1711100011.0	MELLORA DA INTERSECCION NO PQ 0+675 DA ESTRADA DP 2502 VALDOVIÑO A CERDIDO	VALDOVIÑO	175.398,05
		TOTAL	1.108.079,74

3.- Expoñer ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, considerararanse definitivamente aprobados.

4.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe

12. APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DE USOS DO TEATRO COLÓN.

1º.- Aprobar inicialmente o Regulamento de usos do Teatro Colón

2º.- Expor o texto íntegro do Regulamento de usos do Teatro Colón mediante un anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no artigo 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, por un prazo de trinta días para os efectos de reclamacións entendéndose definitivamente aprobado se estas non se efectuasen, entrando en vigor transcorridos quince días desde a publicación do texto íntegro unha vez aprobado definitivamente.

3º Facultar ao residente para a execución do presente acordo.

REGULAMENTO DE USOS DO TEATRO COLÓN

INTRODUCIÓN

A Deputación Provincial da Coruña considera o acceso á cultura un dereito do conxunto da cidadanía, que debe ser promovido e garantido desde o ámbito público mediante o desenvolvemento de políticas que aborden as diferentes dimensións en que esta se manifesta na actualidade.

En efecto, a cultura resulta hoxe unha ferramenta esencial para a cohesión, a transformación social e a toma de consciencia e estima pola nosa cultura e lingua, e desde a perspectiva do ámbito público debe ser promovida a través de estratexias que estimulen o protagonismo cidadá, a creación artística, a produción e oferta cultural, a dinamización sociocultural do territorio, o coidado e a posta en valor do patrimonio e a xeración dun tecido económico dinámico e sustentábel, entre outros elementos.

Dentro do repertorio da política cultural da Deputación, unha das liñas máis relevantes é a realización de actividades culturais e o apoio á xeración de oferta cultural accesible á cidadanía, como forma de atender a demanda dunha sociedade que considera valor prioritario para o desenvolvemento humano a vivencia e o coñecemento da cultura en todas as súas manifestacións.

Para iso, e como unha liña máis de desenvolvemento de actividades culturais, a Deputación Provincial da Coruña impulsa a programación cultural do Teatro Colón, espazo privilexiado de titularidade provincial situado na Avda. da Mariña s/n, que fora acondicionado e restaurado no seu día a través dun extraordinario esforzo de investimentos que permitiu que hoxe dispoña dunhas magníficas e modernas instalacións.

A través da programación do Teatro Colón a Deputación xera unha importante oferta cultural para a veciñanza da provincia, que se suma aos programas e liñas específicas de apoio á actividade cultural para os concellos, entidades e tecido cultural da provincia.

XESTIÓN E LIÑAS DE TRABALLO

A Deputación enfronta en xuño de 2017 un novo período de xestión da actividade cultural do Teatro Colón, que se caracteriza polas seguintes premisas:

- O Teatro Colón é un espazo cultural que leva moitos anos enraizado na actividade escénica e artística da provincia da Coruña, especialmente entre os e as residentes da cidade, polo que se fai necesario que as administración públicas manteñan a súa actividade co carácter de servizo público, garantindo o acceso á cultura de toda a cidadanía, tal como nos lembra o artigo 44 da Constitución.

- Ben é certo que a xestión dun teatro público non é unha das competencias propias das deputacións provinciais, administracións supramunicipais que han de centrar o núcleo das súas políticas na cooperación cos concellos para garantir a axeitada prestación dos servizos municipais básicos, polo que nun futuro inmediato procurarase a súa cesión ao Concello da Coruña, de xeito que sexa o goberno municipal desta cidade quen o integre na súa rede de espazos e recintos culturais e recreativos.

- En tanto non se produza a devandita cesión, a Deputación ha de garantir a continuidade neste recinto das actividades teatrais, escénicas e culturais en xeral, xuntando diversas fórmulas para esta plena operatividade do Teatro, posibilitando neste período transitorio que a súa acción cultural sexa un referente para toda a cidadanía da provincia.

Con base nas anteriores premisas, o Teatro Colón desenvolverá as seguintes liñas de traballo:

A. PROGRAMACIÓN XERAL

Desenvolverase a través de tres liñas de programación:
A1. Exhibición de espectáculos, propostas e actividades promovidas ou contratadas directamente pola Deputación provincial.

A2. Cesión do Teatro a entidades sen ánimo de lucro, para que poidan promover actividades culturais autorizadas previamente pola Deputación e coa obriga de destinar os recursos que poidan obter a fins humanitarias, filantrópicas, sociais, de igualdade de xénero e non discriminación, culturais ou de fomento do deporte non profesional, tal como estea recollido nos estatutos daquelas entidades.

A3. Cesión do Teatro a entidades produtoras privadas de actividades culturais para que, no marco dos principios e valores democráticos e con pleno respecto ao regulamento deste servizo público, poidan realizar un aproveitamento cultural lucrativo do recinto, compatibles.

A decisión final sobre a programación do Teatro Colón e a resposta ás solicitudes de cesión para o seu uso corresponderá á área de Cultura da Deputación da Coruña,

para cuxos efectos constituirase, con natureza consultiva, unha Comisión de Valoración que estude as propostas e analice a adecuación das solicitudes ás liñas programáticas do Teatro. esta Comisión estará integrada por:

Presidencia da Comisión: A persoa que teña a presidencia da Comisión de Cultura

A xefa do Servizo de Cultura, Deportes e Servizos Sociais.

A persoa coordinadora do Teatro.

Un técnico do Servizo de Cultura, Deportes e Servizos Sociais.

Secretario/a, con voz pero sen voto:

O xefe do Servizo de Patrimonio e Contratación

B. PROGRAMA DE APOIO Á CREACIÓN. Residencias Técnicas Artísticas.

O Teatro Colón porá en marcha un programa de residencias técnicas artísticas para artistas e compañías profesionais, co obxectivo de favorecer o aproveitamento do Teatro para o desenvolvemento de procesos creativos e o soporte técnico a artistas e compañías.

Para o desenvolvemento do programa de residencias o Teatro Colón dotarase dun regulamento específico e dunha comisión de escolla de proxectos, conformada por persoas expertas e de prestixio recoñecido no campo das artes escénicas e musicais galegas, representantes da área de Cultura da Deputación e a persoa coordinadora da programación do Teatro.

C. **PROGRAMA EDUCATIVO. Programación para centros de ensino de primaria e secundaria**.

O Teatro Colón desenvolverá unha campaña anual dirixida, a través dos concellos, aos centros de ensino de primaria e secundaria dos municipios da provincia da Coruña. Este programa desenvolverá, como elemento central, unha programación escénica e musical específica, de carácter formativo, con contidos vinculados ao traballo en valores, a cohesión social e o respecto aos valores cívicos e adaptada aos diferentes tramos de idade. Corresponderalle á área de Cultura a definición das condicións económicas que a Deputación da Coruña oferte aos concellos para a súa participación neste programa.

D. PRODUCIÓN PROPIA DO TEATRO COLÓN. Producións propias e coproducións.

A área de Cultura da Deputación da Coruña poderá promover, para o seu desenvolvemento no Teatro Colón, proxectos e iniciativas culturais organizadas e producidas de forma directa polo propio teatro ou coproducidas con outras entidades, e centradas fundamentalmente na divulgación social de efemérides, figuras ou temáticas de especial interese para o campo social e cultural galego.

No caso das propostas culturais coproducidas con entidades lucrativas, a súa escolla farase a través dunha convocatoria pública en cuxas bases figurarán os obxectivos, criterios, cantidade e procedemento de selección das propostas.

NORMAS DE USO DO TEATRO

Con base nos antecedentes expostos, establécense as presentes normas de funcionamento do servizo do Teatro Colón.

I.- OBXECTO

1.- OBXECTO.- As presentes normas teñen por obxecto establecer as condicións de uso do Teatro Colón para ofrecer á cidadanía o goce da cultura nas súas diversas manifestacións.

2.- ÁMBITO DE ACTUACIÓN.- As presentes normas serán de aplicación a todas as actividades que se realicen exclusiva e unicamente no Teatro Colón.

II.- DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS

3.- DEREITO Á IGUALDADE.- As persoas usuarias teñen dereito a ser admitidas como espectadoras das actividades que se vaian realizar en condicións de igualdade, e por tanto non poden ser discriminadas por razón de raza, sexo, nacionalidade, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal.

4.- DEREITOS DE DETERMINADOS COLECTIVOS.- As persoas desempregadas, estudantado e terceira idade e outros colectivos que se establezan, poderán obter descontos naqueles espectáculos que se inclúan con este carácter na oferta cultural que realice a Deputación. Nos casos en que un determinado espectáculo teña carácter gratuíto, o acceso realizarase mediante criterios obxectivos

5.- DEREITO A ASISTIR E CONTEMPLAR O ESPECTÁCULO.- As persoas usuarias teñen dereito a contemplar o espectáculo polo que aboaron ou recibiron unha entrada, nas mellores condicións de comodidade e confort posibles.

6.- LIMITACIÓN POR CAPACIDADE.- Os dereitos establecidos nos artigos 3, 4 e 5 teñen como límite a capacidade do Teatro.

7.- DEREITO A UNHA ATENCIÓN ADECUADA.- As persoas usuarias teñen dereito a seren tratadas con amabilidade, cortesía e respecto e a seren atendidas de maneira dilixente.

8.- DEREITO DE INFORMACIÓN.- A cidadanía ten dereito a ser informada coa suficiente antelación da oferta cultural programada, así como das datas, horarios, lugares e modalidades de venda das localidades e demais características dos espectáculos ou actividades culturais.

Entre outros medios de información, a Deputación Provincial da Coruña dispoñerá dunha páxina web onde se poderá consultar permanentemente esta información.

9.- DEREITO A PARTICIPAR.- A cidadanía poderá propoñer á Deputación aqueles espectáculos que estimen convenientes para que estes estuden a posibilidade ou conveniencia da súa realización.

10.- LIBRO DE RECLAMACIÓNS.- As persoas usuarias terán ao seu dispor no Teatro Colón un libro de reclamacións do que terá coñecemento a Deputación e adoptará, no seu caso, as medidas correspondentes.

11.- CAIXA DE CORREOS DE SUXESTIÓNS.- As persoas usuarias terán ao seu dispor, no Teatro Colón, unha caixa de correos de suxestións, relativas a melloras na prestación do servizo ou calquera outra suxestión que se presente.

A entidade ou persoa organizadora do evento deberá remitir unha copia destas á Deputación.

Con todo, as persoas usuarias poderán presentar directamente as anteditas suxestións na Deputación Provincial da Coruña.

12.- DEREITO A DEVOLUCIÓN DO PREZO.- Nos casos de suspensión de espectáculos, a persoa usuaria terá dereito á devolución do prezo da localidade ou á entrega dunha nova entrada (no caso de que o espectáculo ou función se pospoña a outra data), e sempre que este dereito se exercite dentro dos prazos razoablemente suficientes que estableza a organización. Para estes efectos a organización comunicará e difundirá inmediatamente os prazos, lugares e datas onde as persoas usuarias poderán facer valer este dereito.

III.DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS

13.- DEBER DE ABOAR O PREZO.- A persoa usuaria que queira acceder a un espectáculo ou actividade, deberá aboar as tarifas establecidas para ela, agás naquelas actividades que teñan carácter gratuíto. Nin a Deputación nin a entidade ou persoa organizadora do evento garanten a autenticidade das entradas non adquiridas nos puntos de venda oficiais, polo que neste caso declinan toda responsabilidade.

Non se admitirán devolucións nin cambios de entradas, excepto no establecido no artigo 12 das presentes normas

14.- DEBER DE RESPECTAR AS QUENDAS OU COLAS.- As persoas usuarias deberán respectar a orde establecida para as quendas ou colas en despachos de billetes ou para os accesos (entradas e saídas) aos espectáculos.

15.- RESPECTAR O HORARIO.- As persoas usuarias deberán acceder ao local do Teatro Colón coa debida antelación e non terán dereito a acceder á sala unha vez iniciada a representación, sen prexuízo de que poidan esperar a incorporarse nos descansos da representación, sempre que a organización o estime procedente.

16.- DEBER DE RESPECTO E TOLERANCIA.- As persoas usuarias deberán gardar o debido respecto a intérpretes e as demais persoas que interveñen nos espectáculos, así como ao público, polo que gardará a debida compostura e silencio durante as representacións.

As persoas usuarias deberán desconectar as alarmas dos reloxos e silenciar os teléfonos móbiles durante toda a representación.

17.- PROHIBICIÓN DE FUMAR E DISTRIBUÍR BEBIDAS ALCOHÓLICAS.- De conformidade co disposto na Lei 28/2005 do 26 de decembro, modificada pola Lei 42/2010 do 30 de decembro, de prevención de tabaquismo, as persoas usuarias non poderán fumar en ningunha instalación do Teatro Colón. Tampouco se poderá vender, distribuír ou facilitar bebidas alcohólicas.

18.- PROHIBICIÓN DE GRAVAR.- Prohíbese filmar ou gravar os espectáculos, así como o uso de flash, salvo que o autorice expresamente a organización

19.- DEBER DE RESPECTAR AS INSTALACIÓNS.- As persoas usuarias deberán respectar todos os bens e instalacións do Teatro e evitarán a súa deterioración. Igualmente, non poderán tirar papeis, envases, comida, bebidas e calquera outro obxecto, co que se contribuirá a que o Teatro se conserve en adecuadas condicións de limpeza.

Así mesmo, deberán utilizar adecuadamente os aseos coa fin de que se manteñan nas mellores condicións hixiénico-sanitarias, polo que está prohibido, así mesmo, realizar grafitis ou pintadas.

20.- DEBERES EN CASO DE EMERXENCIA.- As persoas usuarias terán a obriga de seguir as instrucións que se diten, no caso de existencia dalgunha situación de perigo derivada de incendio ou calquera outro risco, polo que actuará sempre con calma e serenidade.

IV.- OBRIGAS DAS PERSOAS ORGANIZADORES DOS EVENTOS

21.- CUMPRIMENTO DE NORMATIVA.- As entidades ou persoas organizadoras dos eventos deberán cumprir a normativa laboral e da seguridade social, seguridade e hixiene no traballo, prevención de riscos laborais, espectáculos públicos, mantemento e seguridade das instalacións e calquera outra norma de carácter obrigatorio aplicable a estas actividades.

22.- OBRIGAS RESPECTO DA DEPUTACIÓN .- As entidades ou persoas organizadoras dos eventos deberán cumprir as obrigas da cesión ou utilización do Teatro establecidas pola Deputación, e coidar con esmero todos os bens e instalacións do Teatro, co que se evitará o seu deterioro.

23.- OBRIGAS ESPECIFICAS RESPECTO DAS PERSOAS USUARIAS.- As entidades ou persoas organizadoras dos eventos deberán garantir o exercicio dos dereitos das persoas usuarias que se indican nos artigos do 3 ao 12 da presente norma.

Así mesmo terán en conta que as diversas manifestacións culturais realizaranse respectando a liberdade de expresión artística e observando os principios e valores constitucionais e do Estatuto de Autonomía de Galicia, así como os recollidos nos tratados e convenios sobre dereitos humanos, protección da infancia e a mocidade,

etc. Neste , as entidades ou persoas organizadoras dos eventos informará ao público das características das obras ou espectáculos e ao tipo de público para o que van destinados.

24.- OBRIGAS RESPECTO DE INTÉRPRETES E COMPAÑÍAS.- As entidades ou persoas organizadoras dos eventos deberán atender adecuadamente a intérpretes e compañías que actúen no Teatro, prestándolles a súa colaboración e de acordo cos contratos ou acordos que subscriban con eles e elas.

25.- OBRIGAS RESPECTO DAS PERSOAS USUARIAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL.- As entidades ou persoas organizadoras dos eventos deberán cumprir a normativa de accesibilidade e facilitar a súa maior colaboración en relación coa entrada, permanencia e saída do local a persoas con diversidade funcional .

26.- ORDENANZA E NORMAS DE FUNCIONAMENTO .- As entidades ou persoas organizadoras de eventos deberán observar a Ordenanza do prezo público e as presentes normas ou as súas modificacións.

V.- DEREITOS DAS ENTIDADES OU PERSOAS ORGANIZADORAS DOS EVENTOS

27.- DEREITOS.- Serán os establecidos nas condicións de cesión ou utilización do Teatro fixados pola Deputación, e en especial:

1º A utilizar as instalacións do Teatro para o desenvolvemento da actividade cultural aprobada pola Deputación.

2º A cobrar o prezo das entradas nos termos establecidos na Ordenanza da Deputación ou nas condicións da autorización da Deputación.

3º. A difundir a actividade que se vaia desenvolver no Teatro Colón.

VI.- DEREITOS E OBRIGAS DA DEPUTACIÓN

28.- DEREITOS DA DEPUTACIÓN.-
1.- Fixar as liñas da programación cultural dende o pluralismo democrático e a diversidade
2.- Potenciar a lingua e cultura galega.
3.- Remover os obstáculos que impidan o acceso á cultura das persoas e colectivos que, por diversas circunstancias, teñen menos posibilidade de asistir a actividades ou eventos culturais.

29.-OBRIGAS DA DEPUTACIÓN.
1.- Fixar as liñas da programación cultural dende contidos acordes co respecto á diversidade, á igualdade e aos valores cívicos democráticos.
2..- Potenciar a cultura e a lingua galega.
3.- Favorecer a libre creatividade cultural.
4.- Facilitar a utilización do Teatro polos concellos, colectivos, entidades sen ánimo de lucro e entidades culturais da provincia.
5.- Posibilitar o acceso a cultura da cidadanía, especialmente as persoas ou colectivos con dificultade de asistencia ás actividades.

6º.- Desenvolver unha actividade de calidade.

30.- MANTEMENTO DO EQUIPO DE DESFIBRILACIÓN.- A Deputación deberá manter, en perfecto estado de funcionamento, o equipo de desfibrilación semiautomático. Para estes efectos o persoal do Teatro deberá realizar os cursos de formación e perfeccionamento para a utilización destes equipos.

VII. NORMAS DE TRAMITACIÓN

31.- A1. EXHIBICIÓN DE ESPECTÁCULOS, PROPOSTAS E ACTIVIDADES PROMOVIDAS OU CONTRATADAS DIRECTAMENTE POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

A.1.1.-A Área de Cultura que promove a actividade deberá formular unha proposta na que se concreten as seguintes cuestións:
- Empresa ou entidade que vai levar a cabo a actividade, con xustificación do interese público para a realización do contrato.
- Días, e horas da representación ou, no seu caso, datas previas para montaxe e preparación do espectáculo ou evento e datas posteriores de desmontaxe.
- Medios persoais e materiais que deberá subministrar a empresa que vai levar a cabo a actividade e medios persoais e materiais que ten que subministrar a Deputación a través dos seus medios adscritos.
-Tarifas aplicables, de acordo coa ordenanza reguladora do prezo publico.
-Determinación de quen debe pagar os dereitos de autoría, a correspondente entidade de xestión e importe estimado.
-Prescricións técnicas para a contratación da empresa.
-Trámites para a adecuada contratación (partida presupostaria de imputación, prezo do contrato, condicións técnicas e materiais da execución, forma de pago, prazo e condicións para o ingreso do prezo público que proceda.
A citada proposta deberá ser remitida á Tesouraría para xestionar o prezo publico e ao Servizo de Patrimonio e Contratación para a tramitación do expediente de contratación e ao adxudicatario do contrato de xestión da programación para a adecuada coordinación da actividade.

A.1.2.- As persoas ou entidades obrigadas ao pagamento das actividades programadas pola Deputación e aprobadas polo seu órgano competente, deberán ingresar a contía mediante a adquisición da correspondente entrada por algún dos medios habilitados para o efecto (retirada no despacho de billetes, pago en liña, etc.), agás nos casos nos que a Xunta de Goberno acorde que a actividade sexa de balde, consonte co disposto na letra A do artigo 4º da Ordenanza reguladora do prezo público aplicable. Neste caso, as persoas interesadas en asistir deberán retirar ou reservar a entrada por algún dos medios habilitados para o efecto.

A.1.3. En ningún caso se admitirá a entrega de entradas-convite co fin de asistir de balde a algún espectáculo ou actividade suxeito ao pagamento deste prezo. Se por razóns protocolarias, a Presidencia considerase conveniente convidar a algunha persoa ou institución, deberase tramitar un expediente de gasto a través do Servizo de Protocolo, co fin de adquirir as correspondentes entradas.

A2. **CESIÓN DO TEATRO A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO**. Para que poidan promover actividades culturais autorizadas previamente pola Deputación e

coa obriga de destinar os recursos que poidan obter ás fins humanitarias, filantrópicas, sociais, de igualdade de xénero e non discriminación, culturais ou de fomento do deporte non profesional, tal como estea previsto nos estatutos daquelas entidades.

Solicitude de cesión:

As entidades sen ánimo de lucro que pretendan utilizar o recinto para a produción de espectáculos ou actividades relacionadas cos seus fins estatutarios, deberán presentar a correspondente solicitude cunha antelación mínima dun mes, debendo achegar a seguinte documentación:

- Estatutos.
- Contas anuais do derradeiro exercicio, así como o documento polo que se acredite a súa aprobación polo órgano competente.
- Cadro de prezos que, no seu caso, se lle pretenda cobrar ás persoas asistentes.
- Copia do seguro de responsabilidade civil e compromiso de contratación dunha póliza especial que cubra os danos a terceiros que poidan xurdir pola celebración do evento.
- Compromiso de asumir os gastos que se ocasionen por eivas ou deficiencias, logo de que o servizo correspondente determine o importe total no que debe ser indemnizada esta administración.
- Compromiso de asumir o pagamento dos dereitos de autoría, así como da factura que lle repercutirá na entidade que xestione a recadación das entradas, que será realizado mediante desconto sobre o importe total obtido.
- Días e horas da representación ou, no seu caso, datas previas para montaxe e, preparación do espectáculo ou evento e datas posteriores de desmontaxe.
- Medios persoais e materiais que deberá subministrar a empresa que vai levar a cabo a actividade e medios persoais e materiais que ten que subministrar a Deputación a través dos seus medios adscritos.

O servizo de Cultura avaliará a documentación presentada e, de ser o caso, solicitará a emenda de documentación ou as aclaracións que estime oportunas.

Resolución de cesión:

Á vista da documentación presentada, coa proposta da Área de Cultura, o Servizo de Patrimonio e Contratación ditará resolución na que se concederá ou denegará a utilización, que lle será notificada á entidade cunha antelación mínima de 10 días á data prevista para levar a cabo o espectáculo ou actividade.

Memoria:

Unha vez celebrado o espectáculo ou actividade, a entidade deberá presentar unha memoria, con indicación dos resultados obtidos. Unha vez recibida, a Deputación autorizará a transferencia do importe recadado por entradas a prol da entidade organizadora.

Obrigas fiscais:

Nos espectáculos e actividades suxeitos ao pagamento de entrada por parte do público, serán de exclusiva responsabilidade da entidade organizadora as obrigas fiscais resultantes. En particular, no caso de que se devindique o IVE polos servizos prestados, corresponderalle á entidade organizadora a súa liquidación e ingreso a prol da Axencia Tributaria.

Concorrencia da cesión do Teatro cunha subvención para a mesma finalidade:

Se no mesmo exercicio económico no que se obtivo unha cesión do Teatro con recadación por venda de entradas, a entidade non lucrativa correspondente obtén unha subvención da Deputación para o mesmo obxecto ou finalidade, o seu importe será reducido nunha contía igual á recadación obtida.

A3. CESIÓN DO TEATRO A ENTIDADES PRODUTORAS PRIVADAS DE ACTIVIDADES CULTURAIS para que, no marco dos principios e valores democráticos e con pleno respecto ao regulamento deste servizo público, poidan realizar un aproveitamento cultural lucrativo do recinto, compatibles.

A solicitude de cesión.

A persoa física, xurídica, comunidade de bens ou calquera outra entidade económica carente de personalidade xurídica, que pretenda a cesión do Teatro para o seu uso lucrativo, deberá presentar a correspondente solicitude cunha antelación mínima dun mes ao día no que estea previsto o espectáculo ou actividade, polo que achegará a seguinte documentación:

- Memoria detallada do espectáculo, ou actividade cultural que se pretende realizar, acreditarase que se dispón da cesión dos dereitos de autoría para levar a cabo a representación.
- Cadro de prezos que se pretende cobrar ás persoas asistentes.
- Certificados que acrediten que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorización para que a Deputación as obteña.
- Copia da póliza de responsabilidade civil e compromiso de contratación dunha póliza especial que cubra os danos que poidan afectar a terceiros con motivo da celebración do evento.
- Compromiso de asumir o pagamento dos dereitos de autoría que se puideran derivar, así como de asumir o pagamento da factura que emita a entidade colaboradora na recadación de entradas, que será descontado do importe obtido da venda daquelas.
- Compromiso de constituír unha fianza a prol da Deputación por importe de 1.000 euros, que poderá ser executada para cubrir posibles eivas ou deficiencias que se lle poidan ocasionar ao inmoble ou ao seu equipamento, sen prexuízo de que logo teña que asumir o importe no que se valoren os danos totais causados.
- Días e horas da representación ou, no seu caso, datas previas para montaxe e, preparación do espectáculo ou evento e datas posteriores de desmontaxe.
- Medios persoais e materiais que deberá subministrar a empresa que vai levar a cabo a actividade e medios persoais e materiais que ten que subministrar a

Deputación a través dos seus medios adscritos.

O servizo de Cultura avaliará a documentación presentada e, de ser o caso, solicitará a emenda de documentación ou as aclaracións que estime oportunas.

B. Resolución:

A vista da documentación presentada, a proposta da Área de Cultura, o Servizo de Patrimonio e Contratación ditará resolución pola que concederá ou denegará a cesión. No caso de que se aprobe a cesión, a resolución quedará condicionada a que a persoa ou entidade beneficiaria presente a autoliquidación do prezo público, así como a documentación que concrete os compromisos asumidos coa solicitude. Logo, se unha vez que tivo lugar a actividade, resultase unha utilización dos medios persoais ou materiais superior á inicialmente prevista na solicitude, a persoa ou entidade beneficiaria deberá presentar unha autoliquidación complementaria, no prazo de 5 días desde que finalizou a cesión.

A citada proposta deberá ser remitida á Tesouraría para xestionar o prezo público e ao adxudicatario do contrato de xestión da programación para a adecuada coordinación da actividade.

A.4. CESIÓN DO ESPAZO PARA A CREACIÓN ARTÍSTICA, RESIDENCIAS TÉCNICAS ARTÍSTICAS, REALIZACIÓN DE ENSAIOS E ESTREA ASÍ COMO PRODUCIÓNS PROPIAS OU COPRODUCIÓNS

A Deputación realizará unha convocatoria pública para seleccionar aquelas entidades que poidan utilizar o Teatro para creación artísticas, residencias técnicas artística, realización de ensaios e estrea, así como produción propias ou coproducións, en cuxas bases figurarán os obxectivos, criterios, cantidade e procedemento de selección das propostas.

A compañía que solicite o espazo para levar a cabo a creación artística dunha representación escénica, os seus ensaios e mesmo a posterior estrea, deberán presentar a mesma documentación que a establecida no apartado A.3 anterior que se concretará nas bases da convocatoria, agás a fianza, que será substituída polo compromiso expreso de asumir a indemnización a prol da Deputación dos danos que se lle puideran causar ás instalacións, así como calquera indemnización fronte a terceiros.

Os trámites serán os mesmos que figuran no apartado anterior.

O servizo de Cultura avaliará a documentación presentada e, de ser o caso, solicitará a emenda de documentación ou as aclaracións que estime oportunas.

VIII - AVALIACIÓN DE CALIDADE

32.- A Deputación avaliará semestralmente a calidade do servizo tendo en conta, entre outros factores:

A: os resultados das enquisas das persoas usuarias e cidadanía
B: número de persoas usuarias e grao de ocupación

C: informes de persoas expertas sobre a calidade do servizo
D: número de consultas realizadas á páxina web
E: queixas presentadas
F: suxestións formuladas
G: felicitacións ou criticas recibidas

IX.-VIXENCIA

Unha vez aprobado definitivamente o presente Regulamento será publicado no Boletín Oficial da Provincia e, consonte co establecido no artigo 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, entrará en vigor unha vez transcorridos quince días hábiles desde a data de publicación e permanecerá vixente ata que se acorde a súa modificación, derrogación ou suspensión.

13.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE AMES PARA O FINANCIAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN DE "VEHÍCULO DE DISTRIBUCIÓN DE ALIMENTOS PARA COLEXIOS"

1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Ames para financiar a subministración incluída no prego de prescricións técnicas cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Ames
DENOMINACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN	Vehículo de distribución de alimentos para colexios
ORZAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN	25.000,00 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	20.000,00 €
ACHEGA DO CONCELLO	5.000,00 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80,00000 %
PARTIDA ORZAMENTARIA	0430/323/76201

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/323/76201 do orzamento provincial para o ano 2017.

Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE AMES PARA O FINANCIAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN DE VEHÍCULO DE DISTRIBUCIÓN DE ALIMENTOS PARA COLEXIOS

Na Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, o deputado responsable da Área de Cooperación cos Concellos, Xosé Regueira Varela.

E doutra parte, o alcalde-presidente do Concello de Ames, José Manuel Miñones Conde

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Ames ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I. Obxecto

1. O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ames, con CIF P1500200I para o financiamento da subministración de "Vehículo de distribución de alimentos para colexios", tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado pola arquitecta técnica, Margarita Iglesias Santomé.

2. A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora, achega ao expediente un exemplar do prego de prescricións técnicas, no que consta a súa aprobación polo órgano competente. O dito prego foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

II. Orzamento de execución das obras

O orzamento total da subministración co IVE engadido, segundo o Prego de prescricións técnicas ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento da contrata (IVE engadido)	25.000,00 €

III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento da subministración, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 20.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00000 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula II, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00000 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resultase inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula II, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da subministración, e polo tanto non serán subvencionables os gastos de redacción do prego, tributos percibidos ou la obtención de licenzas, honorarios por dirección, control

de calidade etc. Tampouco se financiará os incrementos de gastos derivados da execución da subministración.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/323/76201 do orzamento provincial para o ano 2017. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación e execución

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato da subministración

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do prego inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do prego modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. Publicidade do financiamento provincial

1. No contrato e nos anuncios de licitación para adquisición, farase constar o importe do financiamento provincial.

2. Adquirido o ben, a entidade beneficiaria deberá rotular o ben en lugar visible de xeito que se deixe constancia da data da adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI. Xustificación necesaria para recibir a achega provincial

1. Coa posibilidade prevista na base 57ª das de execución do orzamento para o ano 2017, ata o 40 % da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se expedirá un primeiro pagamento a favor da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de subministración, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII

- Declaración de outras axudas ou subvención solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade

- Acreditación da colocación da publicidade da deputación mediante a remisión de fotografías debidamente dilixenciadas pola dirección.

2.- Formalizado en documento público o contrato, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificación acreditativa do pagamento do ben.

- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.

- Deberá acreditar o pagamento efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pagamento prepagable

- Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E, de transcorreren máis de catro meses dende a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar aboarlle aos terceiros o importe xustificado do 60 % no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

VII. Termo para a finalización das obras e prazo de xustificación

1.-A subministración que é obxecto de financiamento provincial, tal como está descrito na cláusula I, deberá estar finalizado e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade Xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de 15 días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do presuposto da Deputación lle poida corresponder.

VIII. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e, logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Simultaneamente, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, de se producir o atraso no prazo de xustificación e non exceder dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €. De exceder dun mes e non chegar a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €. E, de a extemporaneidade da xustificación exceder de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

4. De se producir o atraso no pagamento á persoa adxudicataria ou a terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pagamento efectivo ao terceiro.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria seranlles remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2. Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O presente convenio de colaboración terá efectos dende a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2018**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. No caso de que a entidade beneficiaria non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do citado prazo, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, e achegar coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2020**; todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou, no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e após dos informes da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. Natureza, interpretación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicaráselle a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario na sesión ordinaria de

E en proba de conformidade asínano en exemplar cuadriplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

O deputado responsable da Área de Cooperación cos Concellos	O alcalde-presidente do Concello de Ames
Xosé Regueira Varela	José Manuel Miñones Conde

14.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARES PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE "MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA EN PEDRÓS (AVDA. DO MAZOTE Á CIDADE DEPORTIVA DE ARES"

1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Ares para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

<table>
<tr><td>CONCELLO</td><td colspan="3">Ares</td></tr>
<tr><td>DENOMINACIÓN DA OBRA</td><td colspan="3">Mellora da seguridade viaria en Pedrós (Avda. do Mazote á cidade deportiva de Ares</td></tr>
<tr><td>ORZAMENTO DO PROXECTO</td><td colspan="3">122.554,40 €</td></tr>
<tr><td>ACHEGA DA DEPUTACIÓN</td><td colspan="3">98.043,52 €</td></tr>
<tr><td rowspan="3">ACHEGA CONCELLO DESAGREGADA :</td><td colspan="3">24.510,88 €</td></tr>
<tr><td>TOTAL</td><td>Deputación POS+ (Código: 2017.2100.0453.0)</td><td>Concello Fondos Propios</td></tr>
<tr><td>24.510,88</td><td>22.000,00</td><td>2.510,88</td></tr>
<tr><td>COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO</td><td colspan="3">80.000,00 %</td></tr>
<tr><td>PARTIDA ORZAMENTARIA</td><td colspan="3">0430/153.2/76201</td></tr>
</table>

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/153.2/76201 do orzamento provincial para o ano 2017.

A aprobación deste convenio queda condicionada á aprobación definitiva do Plan de Obras e Servizos (POS+) 2017, no que se consigna crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega municipal a este convenio con cargo á cantidade asignada a este concello no POS + 2017, en concepto de achega provincial 2017.

Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARES PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA EN PEDRÓS (AVDA. DO MAZOTE Á CIDADE DEPORTIVA DE ARES)

Na Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, o deputado responsable da Área de Cooperación cos Concellos, Xosé Regueira Varela.

E doutra parte, o alcalde-presidente do Concello de Ares, Julio Iglesias Redondo

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Ares ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I. Obxecto

1. O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ares, con CIF P1500400E para o financiamento das obras de "Mellora da seguridade viaria en Pedrós (Avda. do Mazote á cidade deportiva de Ares", tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro Antonio J. Durán Maciñeira

2. A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle, así como en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público e a súa normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria comprométese a destinala ao uso público para o cal está prevista.

II. Orzamento de execución das obras

O orzamento total da execución da contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	85.113,13 €
Gastos xerais (13%)	11.064,71 €
Beneficio industrial (6%)	5.106,79 €

IVE (21 %)	21.269,77 €
Orzamento da contrata	122.554,40 €

III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 98.043,52 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00000 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada polo concello do seguinte modo : 22.000,00 € con cargo ao POS+ 2017 (código : 2017.21000453.0) e 2.510,88 € con cargo aos propios fondos do concello para cuxo financiamento achega compromiso do concello. A aprobación deste convenio queda condicionada á aprobación definitiva do Plan de Obras e Servizos (POS+) 2017, no que se consigna crédito adecuado e suficiente para o financiamento de parte da achega municipal a este convenio con cargo á cantidade asignada a este concello no POS+ 2017, en concepto de achega provincial 2017.

2. No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula II, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00000 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resultase inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula II, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, implantacións ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/153.2/76201 do orzamento provincial para o ano 2017. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación e execución

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula I.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. Publicidade do financiamento provincial

1. Durante a execución das obras e ata a finalización e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figuren o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI. Xustificación necesaria para recibir a achega provincial

1. Coa posibilidade prevista na base 57ª das de execución do orzamento para o ano 2017, ata o 40 % da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pagamento a favor da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e, no seu caso, polo funcionariado técnico designado pola Deputación.
2. Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O presente convenio de colaboración terá efectos dende a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2018**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. No caso de que a entidade beneficiaria non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do citado prazo, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, e achegar coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2020**; todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou, no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e após dos informes da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. Natureza, interpretación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicaráselle a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario na sesión ordinaria de

E en proba de conformidade asínano en exemplar triplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

O deputado responsable da Área de Cooperación cos Concellos

Xosé Regueira Varela

O alcalde-presidente do Concello de Vilasantar

Fernando Pérez Fernández

29.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA "ACONDICIONAMENTO DA ÁREA RECREATIVA O CASTRO E OUTROS" DO CONCELLO DE CERDIDO, INCLUÍDA NA 4ª E DERRADEIRA FASE DO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015 E APROBACIÓN DEFINITIVA DA OBRA DENTRO DO PLAN (CÓDIGO 2015.3110.0266.0)

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan de Acción Social (PAS) 2015, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 8 de outubro de 2015 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 196, do 14 de outubro de 2015.

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación, na sesión realizada o día 29 de xuño de 2016, polo que se aprobou a 4ª e derradeira fase do PAS 2015.

Logo de ver que no anexo I a este acordo figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen nesta fase, no que figura, entre outras, a obra do concello de Cerdido que máis adiante se indica, que foi aprobada de forma condicionada á obtención da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

Logo de presentar o Concello de Cerdido o proxecto modificado desta obra, e demais documentación xustificativa, coa finalidade de dar resposta ás esixencias da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, que concedeu a correspondente autorización para a súa execución con data do 9 de xuño de 2017.

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Cerdido denominada "Acondicionamento área recreativa O Castro e outros", incluída na 4ª e derradeira fase do Plan de Acción Social (PAS) 2015, co código 2015.3110.0266.0, que foi aprobada polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o día 29 de xuño de 2016, cun orzamento de contrata de 49.429,72 €, que non representa unha modificación do seu orzamento, nin varía o seu obxecto nin a súa finalidade, aínda que supón a introdución de variacións nalgunhas partidas orzamentarias para recoller as esixencias técnicas da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, a cuxa autorización quedou condicionada a aprobación definitiva desta obra dentro do plan.

2.- En consecuencia, coa aprobación deste proxecto modificado, así como, coa presentación da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural á cuxa obtención foi sometida a aprobación desta obra dentro do Plan, considerar definitivamente aprobada esta obra dentro do PAS 2015

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN CUMPRIDA
CERDIDO	2015.3110.0266.0	Acondicionamento área recreativa O Castro e outros	49.429,72 €	0,00 €	49.429,72 €	Autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

3.- A achega da deputación a esta obra realizarase con cargo á partida 0430/17228/76201 do vixente orzamento provincial.

30.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA "SUBSTITUCIÓN DO ACABADO DE CUBERTA DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL" DO CONCELLO DE CORCUBIÓN INCLUÍDA NO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015 3ª FASE (CÓDIGO 2015.3110.0043.0)

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan de Acción Social (PAS) 2015, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 8 de outubro de 2015 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 196, do 14 de outubro de 2015.

Logo de ver o acordo do Pleno desta Deputación, na sesión realizada o día 27 de maio de 2016, polo que se aprobou a 3ª fase do Plan de Acción Social (PAS) 2015.

Logo de ver que no anexo I a este acordo figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen nesta 3ª fase no apartado PAS-INVESTIMENTOS, no que figura, entre outras, a obra do Concello de Corcubión denominada "Substitución do acabado de cuberta do Polideportivo Municipal", co código 2015.3110.0043.0

Logo de presentar o Concello de Corcubión un proxecto modificado desta obra, sen variación económica no seu orzamento, así como á vista dos informes técnicos e xurídicos favorables xustificativos da modificación e a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente do concello.

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Corcubión denominada "Substitución do acabado de cuberta do polideportivo municipal", incluída na 3ª fase do Plan de Acción Social (PAS) 2015, co código 2015.3110.0043.0, que foi aprobada polo pleno desta Deputación na sesión realizada o día 27 de maio de 2016, que non representa unha variación do seu orzamento de contrata por importe de 99.825,01€, nin varía o seu obxecto nin a súa finalidade, só introduce pequenas variacións de solucións construtivas nalgunhas partidas deste que non son substanciais, aínda que alteran internamente o seu contido en máis dun 30%:

Concello	Código	Denominación	Deputación Fondos propios	Concello	Orzamento Total
CORCUBIÓN	2015.3110.0043.0	Substitución do acabado de cuberta do Polideportivo Municipal	99.825,01	0,00	99.825,01

O aboamento da achega da deputación a esta obra farase efectivo con cargo á partida orzamentaria 0430/93393/76201 do vixente orzamento provincial.

2.-Comunicarlle ao Concello de Corcubión a aprobación deste proxecto modificado da obra citada para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.

31.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA "REFORMA DO PARQUE INFANTIL DE SAN ROQUE" DO CONCELLO DE FISTERRA, INCLUÍDA NO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015 3ª FASE (CÓDIGO 2015.3110.0070.0)

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan de Acción Social (PAS) 2015, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 8 de outubro de 2015 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 196, do 14 de outubro de 2015.

Logo de ver o acordo do Pleno desta Deputación, na sesión realizada o día 27 de maio de 2016, polo que se aprobou a 3ª fase do Plan de Acción Social (PAS) 2015.

Logo de ver que no anexo I a este acordo figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen nesta 3ª fase no apartado PAS-INVESTIMENTOS, no que figura, entre outras, a obra do Concello de Fisterra denominada "Reforma do parque infantil de San Roque", co código 2015.3110.0070.0

Logo de presentar o Concello de Fisterra un proxecto modificado desta obra, sen variación económica no seu orzamento, así como á vista dos informes técnicos e xurídicos xustificativos da modificación e a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente do concello.

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Fisterra denominada "Reforma do parque infantil de San Roque", incluída na 3ª fase do Plan de Acción Social (PAS) 2015, co código 2015.3110.0070.0, que foi aprobada polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o día 27 de maio de 2016, cun orzamento de contrata de 64.836,26 €, que non representa unha variación no seu orzamento, nin varía o seu obxecto nin a súa finalidade, aínda que supón variacións nas partidas relativas á descrición dos elementos de xogo que integran o parque:

Concello	Código	Denominación	Deputación Fondos propios	Concello	Orzamento Total
FISTERRA	2015.3110.0070.0	Reforma do parque infantil de San Roque	64.836,26	0,00	64.836,26

O aboamento da achega da deputación a esta obra farase efectivo con cargo á partida orzamentaria 0430/1713/76201 do vixente orzamento provincial.

2.-Comunicarlle ao Concello de Fisterra a aprobación deste proxecto modificado da obra citada para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.

32.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA "REHABILITACIÓN, CONSERVACIÓN E MELLORA DA ACCESIBILIDADE NA CASA DO CONCELLO E NA CASA DA CULTURA" DO CONCELLO DE MAZARICOS INCLUÍDA NO PLAN COMPLEMENTARIO AO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015, 3ª FASE

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan de Acción Social (PAS) 2015, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 8 de outubro de 2015 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 196, do 14 de outubro de 2015.

Logo de ver o acordo do Pleno desta Deputación, na sesión realizada o día 27 de maio de 2016, polo que se aprobou a 3ª fase do Plan de Acción Social (PAS) 2015 e o seu Plan complementario.

Logo de ver que no anexo III a este acordo figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen nesta 3ª fase no apartado Plan complementario, no que figura incluída, entre outras, a obra do Concello de Mazaricos denominada "Rehabilitación, conservación e accesibilidade na Casa do Concello e Casa da Cultura".

Logo de presentar o Concello de Mazaricos un proxecto modificado desta obra, sen variación económica no seu orzamento, así como á vista das razóns xustificativas da súa modificación contidas na memoria descritiva e xustificativa do proxecto modificado e á vista da certificación da Secretaría do concello acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente municipal.

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Mazaricos denominada "Rehabilitación, conservación e accesibilidade na Casa do Concello e Casa da Cultura", incluída na 3ª fase do Plan de Acción Social (PAS) 2015, Plan complementario, que foi aprobada polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o día 27 de maio de 2016, que non representa unha variación do seu orzamento de contrata cuxo importe é de 73.618,87€, nin varía o seu obxecto nin a súa finalidade, pero introduce variacións nalgunhas partidas orzamentarias deste que aínda que non son substanciais alteran internamente o seu contido en máis dun 30%:

Concello	Denominación	Deputación	Partida orzamentaria
MAZARICOS	Rehabilitación, conservación e accesibilidade na Casa do Concello e Casa da Cultura	73.618,87 €	0430/933/76201

Esta obra está incluída no Plan complementario con carácter supletorio e financiarase con cargo aos remanentes que se puideran xerar por anulacións de proxectos ou por baixas de licitación, de forma que a súa aprobación definitiva queda condicionada a que efectivamente se produzan os ditos remanentes.

2.-Comunicarlle ao Concello de Mazaricos a aprobación deste proxecto modificado da obra citada para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.

33.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA "APARCADOIRO EN PRAIA DO NAVAL", DO CONCELLO DE OLEIROS, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2016 CO CÓDIGO 16.2100.0122.0

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta Deputación na sesión ordinaria do 26 de febreiro de 2016 polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 e o seu Plan complementario, no que se inclúe a obra que máis adiante se indica, que foi aprobada definitivamente mediante a Resolución da Presidencia desta Corporación provincial núm. 2016/11881, do 25 de maio de 2016.

Logo de aprobar o Concello de Oleiros un proxecto modificado desta obra, sen variación económica, previos os correspondentes informes técnico e xurídicos favorables e coa conformidade do representante da empresa adxudicataria da obra.

Logo de ver as Bases reguladoras do POS 2016, aprobadas polo Pleno desta Deputación o 8 de outubro de 2015 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 196, do 14 de outubro de 2015.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar o proxecto modificado da obra "Aparcadoiro na praia do Naval" do Concello de Oleiros, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 co código 16.2100.0122.0, cos datos que se indican, que está adxudicada e que conta con informes técnico e xurídico favorables e coa conformidade do representante da empresa adxudicataria da obra, e que, aínda que non supón unha modificación do seu orzamento total, si implica un desprazamento en planta da totalidade das obras que modifica a solución proxectada inicialmente

			FINANCIAMENTO		
Código	**Concello**	**Denominación**	**Deputación F. propios**	**Concello**	**Orzamento Total**
16.2100.0122.0	Oleiros	Aparcadoiro na praia do Naval	133.584,68	57.250.58	190.835,26

A achega provincial a esta obra financiarase con cargo á partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

34.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA "RENOVACIÓN DE PAVIMENTOS NA RÚA RAPA DA FOLLA", DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2014 CO CÓDIGO 14.2100.0177.0.

Logo de ver o acordo do Pleno desta Deputación do 28 de marzo de 2014, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014, no que se inclúe a obra que máis adiante se indica

Logo de resolver o Concello de Santiago de Compostela o contrato de adxudicación desta obra, xa que os cambios necesarios para adaptar o proxecto á realidade da rúa, afectada pola execución de obras nas rúas, alterarían as condicións esenciais da licitación.

Logo de aprobar o Concello de Santiago de Compostela un proxecto modificado desta obra, con diminución do seu orzamento, previos os correspondentes informes favorables, que deberá ser obxecto dunha nova licitación.

Logo de ver as Bases reguladoras do POS 2014, aprobadas polo Pleno desta Deputación o 25 de outubro de 2013 e publicadas no BOP número 206, do 29 de outubro de 2013.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1º.- Aprobar o proxecto modificado da obra "Renovación de pavimentos da rúa Rapa da Folla" do Concello de Santiago de Compostela, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014 co código 14.2100.0177.0, que foi adxudicada polo concello en decembro de 2015 por importe de 31.194,95 euros e foi resolto polo concello o dito contrato en maio de 2016 por alterarse as condicións esenciais da licitación, debendo ser obxecto dunha nova licitación. O novo proxecto supón unha diminución do seu orzamento total, variando a achega de deputación, que coincide co importe da adxudicación do proxecto inicial, financiando o concello a diferenza entre o importe do proxecto modificado e o prezo da adxudicación do proxecto inicial, tal e como se indica deseguido:

			FINANCIAMENTO PROXECTO MODIFICADO		
Código	**Concello**	**Denominación**	**Deputación F. propios**	**Concello**	**Orzamento Total**
14.2100.0177.0	Santiago de Compostela	Renovación de pavimentos na rúa Rapa da Folla	31.194,95	13.651,63	44.846,58

2º.- A achega provincial a esta obra que ascende a 31.194,95 € financiarase con cargo á partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

35.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA "MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA RÚA DA CAÑOTEIRA" DO CONCELLO DE SANTIAGO, INCLUÍDA NO PLAN DTC 93 ADICIONAL 1/2014, 2ª FASE (2014.3281.0420.0)

Logo de ver a Resolución de Presidencia número 2016/13921 do 14/06/2016 en relación cos acordos plenarios do 27 de xuño e 30 de xullo de 2014 e a Resolución da Presidencia número 17850 do 12/9/2014, pola que se considerou definitivamente aprobado o plan DTC 93 ADICIONAL 1/2014 2ª FASE, no que se incluíu entre outras, a seguinte obra do concello de Santiago:

Concello	Código da obra	Denominación	FINANCIAMENTO		
			Deputación F.propios	Concello	Orzamento Total
Santiago de Compostela	14.3281.0420.0	Mellora seguridade viaria rúa da Cañoteira	161.134,27	31.400,42	192.534,69

Logo de aprobar o Concello de Santiago un proxecto modificado desta obra, con incremento do seu orzamento, previos os correspondentes informes favorables técnicos e xurídicos, así como as autorizacións pertinentes.

Tendo en conta que esta obra aínda está sen adxudicar.

Logo de ver as Bases reguladoras modificadas do PLAN DTC 93: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS, DA ANUALIDADE 2014, aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión realizada o 28 de marzo de 2014 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 62, do 1 de abril de 2014

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra "Mellora da seguridade viaria na rúa da Cañoteira*",* do Concello de Santiago, incluída no PLAN DTC 93 ADICIONAL 1/2014 2ª FASE, co código 14.3281.0420.0, que foi aprobado mediante Resolución de Presidencia número 2016/13921 do 14/06/2016 en relación cos acordos plenarios de 27 de xuño e 30 de xullo de 2014 e a Resolución da Presidencia número 17850 do 12/9/2014, cun orzamento de contrata por importe de 234.954,99 euros, que aínda está sen adxudicar, contando cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e coas necesarias autorizacións para a súa execución, e que representa un incremento no seu orzamento que é asumido integramente polo Concello de Santiago, tal e como se indica no seguinte cadro:

Modificación do proxecto da obra do Concello de Santiago "Mellora da seguridade viaria na rúa da Cañoteira" PLAN DTC 93 ADICIONAL 1/2014 2ª FASE código 14.3281.0420.0			
Axentes cofinanciadores	**Proxecto inicial Contrata**	**Proxecto modificado Contrata**	**Diferenza Contrata**
Deputación	161.134,27	161.134,27	0,00
Concello	31.400,42	73.820,72	42.420,30
TOTAL	**192.534,69**	**234.954,99**	**42.420,30**

A achega provincial a esta obra financiarase con cargo á partida 0430/1533/76201 do vixente orzamento provincial.

2.- Notificar este acordo ao Concello de Santiago para os efectos de que poida iniciar a contratación e posterior execución desta obra incluída no PLAN DTC 93 ADICIONAL 1/2014 2ª FASE.

36.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA "REFORMA DA BIBLIOTECA E OUTROS NA CASA DE CULTURA", DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2016 CO CÓDIGO 16.2100.0200.0

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta Deputación na sesión ordinaria do 26 de febreiro de 2016 polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 e o seu Plan complementario, no que se inclúe a obra que máis adiante se indica.

Logo de aprobar o Concello de Valdoviño un proxecto modificado desta obra, sen variación económica, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e coa conformidade do representante da empresa adxudicataria da obra.

Logo de ver as Bases reguladoras do POS 2016, aprobadas polo Pleno desta Deputación o 8 de outubro de 2015 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 196, do 14 de outubro de 2015.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar o proxecto modificado da obra "Reforma da biblioteca e outros na Casa de Cultura", do Concello de Valdoviño, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016, co código 16.2100.0200.0, cos datos que se indican, que está adxudicada, conta con informes técnico e xurídico favorables e coa conformidade do representante da empresa adxudicataria da obra, e que aínda que non supón unha modificación do seu orzamento total, si implica un cambio de unidades de obra superior ao 30% con respecto ao proxecto inicialmente aprobado:

			FINANCIAMENTO		
Código	**Concello**	**Denominación**	**Deputación F. propios**	**Concello**	**Orzamento Total**
16.2100.0200.0	Valdoviño	Reforma da biblioteca e outros na Casa de Cultura	117.745,83	0,00	117.745,83

A achega provincial a esta obra financiarase con cargo á partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

37.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES "FÓRUM GASTRONÓMICO CORUÑA 2017"

1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento desta subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva, entendendo que con este se considera levantado el reparo de Intervención a este expediente.

3º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e **CONSORCO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA**, **CIF Q6550029J**, para o financiamento das actividades do "*Fórum Gastronómico Coruña 2017"*.

4º.- A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 218.000,00 € euros, o que representa unha porcentaxe do 75,48 %

5º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/46701. Aínda que nas bases de execución do orzamento a presente nominativa aparecía imputada á partida 0510/4321/46201 debe imputarse á partida 0510/4321/46701 utilizando o nivel de vinculación xurídica.

6º.- Facultar a D. Xosé Regueira Varela, en representación da Deputación da Coruña en virtude da R.P. 15671 de 27/07/2015, modificada pola R.P. 16642 de 30/07/2015 e pola R.P. 29081 de 23/12/2015 para a sinatura do convenio.

O texto do convenio sería o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte D. Xosé Regueira Varela, en representación da Deputación da Coruña en virtude da R.P. 15671 de 27/07/2015, modificada pola R.P. 16642 do 30/07/2015 e pola R.P. 29081 do 23/12/2015.

E doutra parte, D. Alberto Lema Suárez, en representación do CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA**, **CIF Q6550029J**, para o financiamento das actividades do "*Fórum Gastronómico Coruña 2017*".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE (IVE incluído)
Alugueiro do Recinto Feiral Expocoruña	54.450,00 €
Creación de imaxe e adaptacións	21.659,00 €
Elementos gráficos (impresión) e sinaléctica xeral	18.876,00 €
Fotografía e vídeo	7.381,00 €
Web Fórum	7.502,00 €
Viaxes e aloxamento	25.652,00 €
Restaurante Fórum	20.812,00 €
Ceas e comidas Fórum	14.883,00 €
Fontanería	7.260,00 €
Elementos de cociña	6.915,50 €
Seguridade	3.630,00 €
Limpeza	12.826,00 €
Persoal de atención ao público	16.153,50 €
Cesión da marca FÓRUM a toda a comunicación do evento	70.800,00 €
TOTAL CON IVE	**288.800,00 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **218.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de 75,48 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o

importe que represente o 75,48 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4321/46701 do vixente orzamento na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Corresponderalle ao CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade establecida no disposto na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2017, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1.1.- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
1.2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
1.3.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
1.4.- O CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

2.1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2.2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
2.3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
2.4.-Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, terán lugar entre o **1 de febreiro de 2017 ata 30 de abril de 2017**

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DE CATRO MESES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración abranguerá os devengados dende o día **1 de febreiro do ano 2017 ata o 30 de abril do ano 2017**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de outubro do ano 2017**, sempre e cando exista crédito para tal fin no exercicio 2017.

2. Para o caso de que o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 31 de agosto de 2017**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O deputado

Xosé Regueira Varela

O REPRESENTANTE DO CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA

38.-APROBACIÓN DA INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES A QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DO 25 DE XULLO, CORRESPONDENTE AO MES DE MAIO DE 2017 E RELACIÓN DETALLADA DE TODAS AS FACTURAS PAGADAS POLA DEPUTACIÓN E POLO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA ENTRE O 1 E O 31 DE MAIO DE 2017.

1.- Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación provincial e no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña do mes de maio de 2017.

2.- Tomar coñecemento, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 31 de maio de 2017.

3.- Unha vez remitida a información que proceda ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, acórdase a publicación desta na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña.

39.-APROBACIÓN DO INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA A 31/05/2017 E PROXECCIÓN A 31/12/2017.

1.- Tomar coñecemento da información sobre a xestión orzamentaria a 31 de maio de 2017, que formula a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.

2.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

3.- Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2017, aínda que as previsións actuais permiten estimar o incumprimento da regra do gasto, porque se trata de estimacións previas e porque a orixe do posible incumprimento é o financiamento de novos gastos con remanente de tesourería do exercicio 2016 que ten a natureza de recurso financeiro propio e que ten un fundamento contable real e efectivo.

4.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.

40.-DAR CONTA DA INFORMACIÓN RENDIDA AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS EN CUMPRIMENTO DO ARTIGO 16 DA ORDE HAP/2015/2012 DO 1 DE OUTUBRO. EXECUCIÓN DO PRIMEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2017 NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E NO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA, E DO ESTADO CONSOLIDADO.

1º. Tomar coñecemento da información remitida ao Ministerio de Facenda e Administracións públicas en cumprimento do disposto na Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.

2º. Poñer á disposición de calquera interesado lexítimo a información obtida a través da páxina de internet da Deputación provincial.

41.-ORDENANZA DE PREZOS PÚBLICOS APLICABLES ÁS ACTIVIDADES CULTURAIS, TEATRAIS E ESCÉNICAS QUE SE HAN DESENVOLVER NO TEATRO COLÓN DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA.

"PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a **ORDENANZA DE PREZOS PÚBLICOS APLICABLES ÁS ACTIVIDADES CULTURAIS, TEATRAIS E ESCÉNICAS QUE SE HAN DESENVOLVER NO TEATRO COLÓN DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA**, coa seguinte redacción:

I. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cumpríronse, recentemente, vinte anos desde que a Deputación da Coruña adquirise a propiedade do Teatro Colón, co fin de destinar o inmoble á prestación de servizos públicos de carácter cultural. Concretamente, logo de aprobarse a adquisición deste inmoble na sesión plenaria de carácter extraordinario que tivo lugar o día 22 de febreiro de 1997, así como o prego de cláusulas administrativas particulares que habían de rexer o contrato, mediante escritura pública formalizada o día 22 de abril daquel ano, produciuse a transmisión e o inmoble integrouse no Inventario de Bens e Dereitos desta Corporación, co carácter de ben de dominio público afecto á prestación de servizos públicos.

Unha vez realizadas as primeiras obras de remodelación, na sesión plenaria do 27 de marzo de 1998 acordouse iniciar un expediente de actividade económica en réxime de liberdade de concorrencia, coa finalidade de levar a cabo unha actividade de proxección cinematográfica e a realización de actos de natureza cultural e artística en xeral, de conformidade coa habilitación legal conferida ás entidades locais polo artigo 86 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, así como no disposto nos artigos 96 e 97 do Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local e tamén no artigo 309 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de administración local de Galicia. Para analizar os aspectos sociais, xurídicos, económicos e financeiros, naquel acordo foi nomeada unha comisión de estudo, que presentou o seu traballo perante o Pleno, na sesión que tivo lugar o día 22 de xuño de 1998, incluíndose como anexo desta memoria un prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do arrendamento do Teatro Colón, como forma de xestión indirecta do servizo público que se pretendía levar a cabo. Pero, por diversas vicisitudes, especialmente ante a necesidade de realizar unha rehabilitación integral do inmoble, o expediente nunca chegou a concluírse.

Nos anos seguintes execútanse as obras de rehabilitación integral, outorgándose inicialmente un contrato sobre o que posteriormente houbo que facer varias modificacións e logo obras complementarias que afectaron a fachada e arredores do inmoble. Do mesmo xeito, para garantir a plena funcionalidade consonte co seu destino, contratouse o equipamento escénico, equipamento de sala e mobiliario, co que quedou completamente rematado e listo para o uso a mediados do ano 2005, logo de realizarse un investimento que acadou o importe total de 12.082.064,59 euros.

De novo, no ano 2006 acórdase a constitución dunha comisión de estudo para o exercicio de actividade económica que, logo de varias xuntanzas nas que se formularon distintas posibilidades para a xestión do Teatro e para a programación da actividade cultural, rematou o seu traballo coa presentación dunha memoria xurídica e

económica, facendo unha proposta para a xestión indirecta do Teatro mediante a modalidade de concesión, polo que se achegou para tal fin un Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares, no que se incluía tamén a realización de actividades socioculturais en toda a provincia. Esta memoria foi aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o día 29 de xuño de 2006 e, despois de facer a preceptiva exposición ao público, foi aprobada definitivamente na sesión do 15 de setembro de 2006.

Levado a cabo o correspondente procedemento de contratación resultou adxudicataria do contrato de concesión a entidade Caixa de Aforros de Galicia en UTE coa Fundación Caixagalicia-Claudio San Martín, quen realizou a xestión do servizo público durante cinco anos, desde o 16 de xaneiro de 2007 ata o 16 de xaneiro de 2012.

Unha vez rematado aquel período concesional, namentres que os servizos técnicos desta Deputación levaban a cabo a tarefa de inspeccionar as instalacións e equipamentos que eran obxecto de reversión e a Intervención realizaba o control financeiro sobre a derradeira anualidade de xestión, de novo, nomeouse unha comisión de estudo para actualizar a memoria aprobada no ano 2006, tendo en conta o escenario económico do ano 2012, ben distinto ao do ano 2006, descartándose, de antemán, a posibilidade de que houbese algún xestor sen ánimo de lucro que se puidese facer cargo dunha actividade fondamente deficitaria. Tal como se explicaba na memoria económico-financeira elaborada en febreiro de 2012 e aprobada posteriormente polo Pleno da Corporación, o novo modelo de explotación tiña que vir marcado pola procura de novas fontes de financiamento, a través de contratos de patrocinio e cesión de espazos para publicidade, previndose unha achega directa da Deputación destinada a sufragar os gastos de mantemento e conservación, posto que se asumía a clara insuficiencia dos ingresos tarifarios recadados directamente do público asistente, nun contexto de forte recesión económica, no que había que seguir garantindo o acceso á cultura de toda a cidadanía, con independencia do seu poder adquisitivo.

Logo de que o Pleno da Corporación aprobase a memoria redactada por unha comisión nomeada para o efecto, así como o prego de cláusulas administrativas e particulares (sesión do 24 de febreiro de 2012), levouse a cabo o correspondente procedemento licitatorio, sendo formalizado un novo contrato de concesión por un período de cinco anos o día 28 de maio de 2012. Segundo este contrato, a Deputación comprometía unha achega anual de 300.000 euros, co carácter de subvención á explotación destinada a cubrir os gastos de mantemento e conservación, polo que quedou baixo o principio de risco e ventura empresarial (o agora denominado risco de demanda na Directiva 2014/23/UE relativa á adxudicación dos contratos de concesión de servizos) o mantemento do equilibrio financeiro do contrato.

Tal e como amosan os informes de control financeiro emitidos pola Intervención e presentados perante a Comisión de seguimento e o Pleno da Corporación, este segundo período concesional (a expensas do que resulte da liquidación da derradeira anualidade) foi tamén deficitario pois, a pesar da puntual achega da Deputación, non se obtivo financiamento privado ningún a través de patrocinios ou contratos similares nin tampouco o grao de ocupación foi o esperado. Nesta tesitura, xa hai máis dun ano

que a UTE concesionaria presentou un escrito no que anunciaba a súa intención de non optar á prórroga doutros cinco anos de concesión.

Con estes antecedentes, a Deputación enfronta un novo período de xestión da actividade escénica, artística e cultural do Teatro Colón, que deberá caracterizarse polas seguintes premisas:

- O Teatro Colón é un espazo cultural que leva moitos anos enraizado na actividade escénica e artística da provincia da Coruña, especialmente entre as persoas residentes da cidade, polo que se fai necesario que a administracións públicas manteñan a súa actividade co carácter de servizo público, garantindo o acceso á cultura de toda a cidadanía, tal como nos lembra o artigo 44 da Constitución.

- Ben é certo que a xestión dun teatro público non é unha das competencias propias das deputacións provinciais, administracións supramunicipais que han de centrar o núcleo das dúas políticas na cooperación cos concellos para garantir a axeitada prestación dos servizos municipais básicos, polo que nun futuro inmediato procurarase a súa cesión ao Concello da Coruña, de xeito que sexa o goberno desta cidade o que o integre na súa rede de espazos e recintos culturais e recreativos.

- Namentres non se produza a devandita cesión, a Deputación quere garantir a continuidade neste espazo das actividades teatrais, escénicas e culturais en xeral, articulando diversas fórmulas para esta plena operatividade do Teatro, posibilitando neste período que a súa acción cultural sexa un referente para toda a cidadanía da provincia.

No marco desta derradeira premisa encádrase a Ordenanza de Prezos Públicos que se presenta deseguido, pois no seus artigos regúlanse, polo miúdo, as tres fórmulas ou opcións a partir das que se pretende manter e mesmo impulsar o funcionamento do servizo público. E dado que a actividade xa está regulamentada desde o ano 2006 con tal carácter, e como non existe unha situación de monopolio ou exclusividade desta actividade pública, a non ser a recepción obrigada e como esta non ten o carácter de imprescindible para as persoas usuarias ou posibles destinatarias, as contraprestacións que ha cobrar esta administración encádranse perfectamente no concepto de prezo público, tal como esta está definida no artigo 41 do Texto refundido da Lei das facendas locais, en relación co 20.1 e 2 do mesmo texto legal.

Xa que logo, aclarado o carácter das contraprestacións que ha percibir a Deputación, cómpre explicar, aínda que sexa de xeito sucinto, as tres opcións ou posibilidades que se regulan no articulado desta ordenanza.

A primeira das opcións é, sen dúbida, a máis simple e a que require menos argumentación. A Deputación programa e contrata directamente a produción de espectáculos ou actividades culturais, imputando os gastos derivados desta actividade ao capítulo 2 do estado de gastos do orzamento anual. Para regular o seu acceso e, igualmente, para financiar a totalidade ou parte do seu custo, disponse que a Xunta de Goberno local fixe o prezo concreto das entradas, partindo das tarifas-

base que se veñen aplicando no Teatro desde o ano 2012. Sobre as citadas tarifas-base, poderase aprobar un coeficiente de incremento ou redutor e mesmo acordar que as entradas se poderán expedir de balde, cando por razóns sociais, culturais, benéficas ou de interese público así se decida. En calquera caso, para a contratación da actividade deberá asegurarse de que hai crédito dabondo no orzamento, no que se respecta estritamente o principio de equilibrio ou non déficit, polo que a decisión de reducir ao máximo as tarifas, ou mesmo de expedir entradas de balde, non afectará ao financiamento da actividade, que será sufragada cos recursos xerais da entidade.
Na segunda opción, a Deputación proponse artellar un canle de colaboración coas entidades non lucrativas que existen ou realizan actividades na provincia, permitindo que usen o Teatro para o desenvolvemento de actividades, sempre que estas sexan acordes co fin estatutario da entidade e teñan coma finalidade a promoción da cultura, o fomento da igualdade en todas as súas variantes e a cooperación ao desenvolvemento. Deste xeito quérese que este recinto se poida converter tamén nun espazo aberto para que as agrupacións musicais, teatrais e culturais que realizan a súa actividade no ámbito municipal, ou mesmo estendela ao ámbito provincial, facendo do Teatro un referente na expresión da nosa cultura popular máis xenuína.

Ás veces, as entidades produtoras poderán actuar de balde e, noutros casos, serán autorizadas para cobrar prezos de entrada, garantíndose que os recursos que se obteñan vaian destinados á fin social propia das entidades desta natureza. Deste xeito, producirase unha acción de fomento en especie, pois o servizo público contribuirá a xerar recursos para estas entidades e, xa que logo, para os movementos asociativos de carácter cultural, deportivo ou social espallados polo noso territorio.

Finalmente, na terceira das opcións, a Deputación acóllese á posibilidade de facer rendible comercialmente o Teatro pero, en vez de promover directamente espectáculos, permitirá que os axentes produtores que así o soliciten poidan executar obras escénicas ou musicais e actividades culturais en xeral, asumindo o risco e ventura da explotación, neste caso o prezo público cubrirá o custo directo que lle xera a Deputación. En todo caso, terase que garantir que a actividade respecta plenamente os valores e principios establecidos na Constitución e no resto do ordenamento xurídico e que os prezos privados que se autorizan permiten o acceso á cultura á que toda a cidadanía ten dereito, consonte co establecido no artigo 44 da Constitución.

Igualmente tamén se prevé que o Teatro poida ser utilizado coma sala de ensaios mediante as chamadas residencias artísticas, permitíndolles, deste xeito, ás compañías escénicas dispor deste espazo para xerar as súas producións e mesmo a estrea de espectáculos.

En virtude do todo o exposto, no exercicio da potestade conferida no artigo 148 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, consonte coas previsións legais establecidas no capítulo VI do título I (artigos 41 a 47), regúlanse seguidamente as regras xerais para a fixación dos prezos públicos que se han cobrar polas prestacións de carácter cultural, teatral e escénica no Teatro Colón.

II. TEXTO ARTICULADO

Artigo 1. Concepto
De acordo co disposto no artigo 148 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e plenamente consonte coa regulación legal dos prezos públicos establecida nos artigos 41 a 49 do devandito texto legal, o Pleno desta Deputación establece os **prezos públicos aplicables ás actividades culturais, teatrais e escénicas que se han desenvolver no TEATRO COLÓN da Deputación da Coruña,** nas seguintes modalidades de prestación:

1. A. Espectáculos e actividades culturais promovidas directamente pola Deputación provincial.

1. B. Cesión do Teatro a entidades sen ánimo de lucro, para que poidan promover actividades escénicas, musicais ou culturais, autorizadas previamente pola Deputación e coa obriga de destinar os recursos que poidan obter ás fins humanitarias, filantrópicas, sociais, de igualdade de xénero e non discriminación, culturais ou de fomento do deporte non profesional, tal como estea disposto nos estatutos daquelas entidades.

1. C. Cesión do Teatro a produtoras privadas de actividades escénicas, musicais e culturais para que, no marco dos principios e valores constitucionais e con pleno respecto ao regulamento deste servizo público, poidan realizar un aproveitamento lucrativo do espazo, así coma utilizalo coma lugar axeitado para a creación artística, o ensaio das producións e mesmo a súa estrea.

Artigo 2. Persoas e entidades obrigadas ao pagamento

Estarán obrigadas ao pagamento dos prezos públicos fixados nesta ordenanza as persoas físicas ou xurídicas, así como as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptibles de imposición, que se beneficien dos servizos ou actividades definidas no artigo anterior, isto é:

2. A. As persoas que asistan aos espectáculos e actividades culturais promovidas directamente pola Deputación.

2. B. As entidades sen ánimo de lucro que soliciten o uso do Teatro para promover calquera das actividades ás que se refire o apartado b) do artigo anterior.

2. C. As persoas e entidades ás que se lles ceda o Teatro para realizar un aproveitamento lucrativo do recinto mediante a produción de espectáculos ou actividades culturais, así como lugar de ensaio e creación artística das producións.

Artigo 3. Contía e supostos de non suxeición ao pagamento

3. A. Programación propia da Deputación:

3. A. 1. TARIFAS BASE:

Para os espectáculos e actividades culturais promovidas directamente pola Deputación, consonte coa habilitación conferida polo artigo 47.1 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, delégase na Xunta de Goberno a fixación concreta das contías que se han cobrar, mediante a aplicación dun coeficiente redutor ou de incremento, sobre as tarifas-base que se sinalan seguidamente:

	EUROS
a) Patio de butacas.....	25,00
b) Palcos centrais.....	20,00
c) Principal.....	15,00
d) Palcos laterais.....	10,00

3. A. 2. PORCENTAXES DE INCREMENTO OU DE REDUCIÓN

Partindo das tarifas-base do apartado anterior, a Xunta de Goberno determinará o importe concreto dos distintos tipos de entrada para cada espectáculo ou representación, polo que non excederán nin reducirán as tarifas-base das contías que resulten da aplicación da porcentaxe que se detalla nos apartados seguintes. A antedita porcentaxe estará determinada tomando en consideración o custo directo do espectáculo ou representación, entendendo por tal o gasto da contratación que resulte imputable ao capítulo 2º do estado de gastos do orzamento anual.

3.A.2.1. Actividades cun custo superior a 100.000 euros: coeficiente de incremento de ata o 20 por cento, de xeito que as tarifas non excedan dos seguintes importes:

	EUROS
a) Patio de butacas	60,00
b) Palcos centrais.....	48,00
c) Principal	36,00
d) Palcos laterais.....	24,00

3.A.2.2. Actividades cun custo entre 50.001 e 100.000 euros: aplicaranse as tarifas-base que se detallan no apartado 3.A.1 anterior.

3.A.2.3. Actividades cun custo entre 25.000 e 50.000 euros: redución das tarifas-base de ata o 50 por cento, de xeito que os prezos mínimos que han cobrar serán os seguintes:

	EUROS
a) Patio de butacas.....	25,00

b) Palcos centrais 20,00
c) Principal 15,00
d) Palcos laterais 10,00

3.A.2.4. Actividades cun custo inferior a 25.000 euros: redución das tarifas-base ata o 70 por cento, de xeito que os prezos mínimos que se han cobrar serán os seguintes:

EUROS
a) Patio de butacas 15,00
b) Palcos centrais 12,00
c) Principal 9,00
d) Palcos laterais 6,00

3.A.2.5. Serán de balde aquelas actividades que se promovan para festexar días sinalados, persoeiros ilustres do ámbito académico, cultural ou social, ou efemérides que procuren sensibilizar a cidadanía coas expresións máis xenuínas da cultura galega ou cos valores e principios constitucionais.

3. A. 3. CRITERIOS XENÉRICOS DE CAPACIDADE ECONÓMICA
Sobre as cotas que para cada actividade ou espectáculo aprobe a Xunta de Goberno local, as persoas usuarias que acrediten documentalmente pertencer a algún dos colectivos que se sinalan, poderán beneficiarse das seguintes reducións:

- Persoas maiores de 65 anos e persoas desempregadas ..... 25 por cento
- Persoas pertencentes a familias numerosas e monoparentais ... 40 por cento
- Persoas titulares de carné xove, estudantado da USC e da UDC 50 por cento
- Persoas menores de 12 anos ..... 60 por cento

3. B. Cesión do Teatro a persoas físicas ou xurídicas ou entidades ás que se refire o artigo 2:
3. B. 1. Cota fixa por día ..... 600,00 €.

3. B. 2. Cotas variables:

3.B.2.1. Montaxe e mantemento escénico:

De atendermos as necesidades de asistencia técnica que precise a produtora do espectáculo ou actividade, devindicaranse as seguintes cotas por mantemento escénico:

CONCEPTO Asistencia técnica para	HORA NORMAL	HORA EXTRA	HORA NOCTURNA

mantemento escénico			
Técnico/a iluminación	**19,00€/H**	**24,00 €/H**	**28,00 €/H**
Técnico/a de son	**19,00€/H**	**24,00 €/H**	**28,00 €/H**
Técnico/a maquinista, tremoísta	**19,00€/H**	**24,00 €/H**	**28,00 €/H**
Xefatura técnica	**23,00 €/H**	**29,00 €/H**	**34,00 €/H**

Para o efecto de aplicación destas tarifas consideraremos a hora extraordinaria aquela que exceda da xornada de traballo establecida no convenio colectivo do sector e por hora nocturna a que se traballe a partir das 22 horas.

3.B.2.2. Uso do piano.

Se para a produción do espectáculo fose necesario utilizar o piano devindicarase unha cota adicional de 150 € por sesión.

3.B.2.3. Publicidade exterior.

Para o caso de que o espectáculo ou actividade se anuncie con carteis colocados no exterior do Teatro, devindicarase unha cota única de 300,00 € por cada espectáculo ou actividade, sempre que o anuncio non estea exposto máis de sete días. A partir do oitavo día de exposición devindicarase unha cota adicional de 50 €/día.

3. B. 3. Criterios xenéricos de capacidade económica aplicables á cesión a prol de entidades non lucrativas, así como para compañías produtoras que soliciten o espazo para a creación e o ensaio.

3.B.3.1. Con carácter xeral, a cesión do espazo a prol de entidades non lucrativas que pretendan cobrar entradas terá unha redución do 50 por cento sobre as tarifas establecidas no apartado anterior.

3.B.3.2. De atendermos a razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, despois da tramitación previa do procedemento que se regula no artigo 4, apartado B, a Xunta de Goberno poderá acordar a cesión gratuíta da utilización do Teatro a algunha das entidades non lucrativas que pretendan cobrar entradas. Tamén será de balde a cesión do espazo para actividades promovidas por estas entidades e que non estean sometidas ao pagamento de entrada por parte do público asistente.

3.B.3.3. Co fin de fomentar a produción e creación artística, será de balde a cesión do espazo a prol de compañías produtoras que o soliciten para a creación e realización de ensaios, sempre que non superen o caché de 10.000 euros por actuación. No caso de superar esta contía, sempre que non superen o importe de 25.000 euros por actuación, aplicaráselles unha redución porcentual sobre as cotas xerais de conformidade coa seguinte escala:

- Cachés de 10.001 a 15.000 euros: 90 por cento
- Caché entre 15.001 e 25.000 euros: 50 por cento

3. C. Imposición indirecta sobre as tarifas:
Estas tarifas enténdense sen prexuízo da repercusión legal que, no seu caso, deba realizarse polos impostos indirectos que graven a prestación do servizo ou acto suxeito. Para tal efecto, as persoas e entidades obrigadas ao pagamento deberán soportar a repercusión das cotas resultantes e detallalas, no seu caso, na autoliquidación correspondente.

3. D. Obriga do pagamento:
A obriga de pagamento nace desde que se inicia a prestación do servizo.

Artigo 4. Cobro e normas de xestión

4. A. Programación propia da Deputación

4. A. 1. As persoas ou entidades obrigadas ao pagamento das actividades programadas pola Deputación e aprobadas polo seu órgano competente, deberán ingresar a contía mediante a adquisición da correspondente entrada por algún dos medios habilitados para o efecto (retirada no despacho de billetes, pagamento en liña, etc.), agás nos casos nos que a Xunta de Goberno acorde que a actividade sexa gratuíta, consonte co disposto na letra A do artigo anterior. Neste caso, as persoas interesadas en asistir deberán retirar ou reservar a entrada por algún dos medios habilitados para o efecto.

4. A. 2. En ningún caso se admitirá a entrega de entradas-convite co fin de asistir de balde a algún espectáculo ou actividade suxeito ao pagamento deste prezo. Se por razóns protocolarias, a Presidencia considerase conveniente convidar a algunha persoa ou institución, deberase tramitar un expediente de gasto a través do Servizo de Protocolo, co fin de adquirir as correspondentes entradas.

4. B. Actividades autorizadas ás entidades sen ánimo de lucro

4. B. 1. Solicitude de cesión:
As entidades sen ánimo de lucro que pretendan utilizar o recinto para a produción de espectáculos ou actividades relacionadas coas súas fins estatutarias, deberán presentar a correspondente solicitude cunha antelación mínima dun mes, polo que deberán achegar a seguinte documentación:

- Estatutos.
- Contas anuais do derradeiro exercicio, así como documento polo que se acredite a súa aprobación polo órgano competente.

- Cadro de prezos que, no seu caso, se lle pretenda cobrar ás persoas asistentes.
- Copia do seguro de responsabilidade civil e compromiso de contratación dunha póliza especial que cubra os danos a terceiros que poidan xurdir pola celebración do evento.
- Compromiso de asumir os gastos que se ocasionen por eivas ou deficiencias, logo de que o servizo correspondente determine o importe total no que debe ser indemnizada esta administración.
- Compromiso de asumir o pagamento dos dereitos de autoría, así como da factura que repercutirá na entidade que xestione a recadación das entradas, que será realizado mediante desconto sobre o importe total obtido.

4. B. 2. Resolución de cesión:

Á vista da documentación presentada, ditarase a resolución pola que se concederá ou denegará a utilización, que lle será notificada á entidade cunha antelación mínima de 10 días á data prevista para levar a cabo o espectáculo ou actividade.

No caso de que se aprobe a cesión e estea suxeita ao pagamento do prezo público, a resolución quedará condicionada a que a entidade beneficiaria presente a autoliquidación do prezo público, así como a documentación que concrete os compromisos asumidos coa solicitude. Se despois de ter lugar a actividade, resulta unha utilización dos medios persoais ou materiais superior á inicialmente prevista na solicitude, a entidade beneficiaria debera presentar unha autoliquidación complementaria, no prazo de cinco días desde que finalizara a cesión.

4. B. 3. Memoria:

Unha vez celebrado o espectáculo ou actividade, a entidade deberá presentar unha memoria con indicación dos resultados obtidos. Unha vez recibida, a Deputación autorizará a transferencia do importe recadado polas entradas a prol da entidade organizadora.

4. B. 4. Obrigas fiscais:

Nos espectáculos e actividades suxeitos ao pagamento de entrada por parte do público, serán de exclusiva responsabilidade da entidade organizadora as obrigas fiscais resultantes. En particular, no caso de que se devindique IVE polos servizos prestados, corresponderalle á entidade organizadora a súa liquidación e ingreso a prol da Axencia Tributaria.

4. B. 5. Concorrencia da cesión do Teatro cunha subvención para a mesma finalidade:

Se no mesmo exercicio económico no que se obtivo unha cesión do Teatro con recadación por venda de entradas, a entidade non lucrativa correspondente obtén unha subvención da Deputación para o mesmo obxecto ou finalidade, o seu importe será reducido nunha contía igual á recadación obtida.

4.C. Cesión do Teatro para o aproveitamento lucrativo:

4.C.A. A solicitude de cesión

A persoa física, xurídica ou calquera das entidades ás que se refire o artigo 2 que pretenda a cesión do Teatro para o seu uso lucrativo, deberá presentar a correspondente solicitude cunha antelación mínima dun mes ao día no que estea previsto o espectáculo ou actividade, polo que achegará a seguinte documentación:

- Memoria detallada do espectáculo ou actividade cultural que se pretende realizar, acreditando que se dispón da cesión dos dereitos de autoría para levar a cabo a representación.
- Cadro de prezos que se pretende cobrar ás persoas asistentes, coa posibilidade da entrega de ata dez entradas de balde para promoción e publicidade do espectáculo.
- Certificados que acrediten que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorización para que a Deputación as comprobe.
- Copia da póliza de responsabilidade civil e compromiso de contratación dunha póliza especial que cubra os danos que poidan afectar a terceiros con motivo da celebración do evento.
- Compromiso de asumir o pagamento dos dereitos de autoría que se puideran derivar, así como de asumir o pagamento da factura que emita a entidade colaboradora na recadación de entradas, que será descontado do importe obtido da venda daquelas.
- Compromiso de constituír unha fianza a prol da Deputación por importe de 1.000 euros, que poderá ser executada para cubrir posibles eivas ou deficiencias que se lle poidan ocasionar ao inmoble ou ao seu equipamento, sen prexuízo de que logo teña que asumir o importe no que se valoren os danos totais causados.

4. C. B. Resolución:

Á vista da documentación presentada, ditarase resolución pola que se concederá ou denegará a cesión. No caso de que se aprobe a cesión, a resolución quedará condicionada a que a persoa ou entidade beneficiaria presente a autoliquidación do prezo público, así coma a documentación que concrete os compromisos asumidos coa solicitude. Se despois de ter lugar a actividade, resulta unha utilización dos medios persoais ou materiais superior á inicialmente prevista na solicitude, a persoa ou entidade beneficiaria deberá presentar unha autoliquidación complementaria, no prazo de 5 días desde que finalizara a cesión.

4. D. Cesión do espazo para a creación artística, realización de ensaios e estrea:

A compañía que solicite o espazo para levar a cabo a creación artística dunha representación escénica, os seus ensaios e mesmo a posterior estrea, deberán presentar a mesma documentación que a establecida no apartado C) anterior, agás a fianza, que será substituída polo compromiso expreso de asumir a indemnización a prol da Deputación dos danos que se puideran causar nas instalacións, así como calquera indemnización fronte a terceiros.

4. D. B. Resolución:
Á vista da documentación presentada, ditarase resolución pola que se concederá ou denegará a utilización, que lle será notificada á entidade cunha antelación mínima de 10 días á data prevista para dar comezo os ensaios.
No caso de que se aprobe a cesión e estea suxeita ao pago do prezo público, a resolución quedará condicionada a que a entidade beneficiaria presente a autoliquidación do prezo público, así como a documentación que concrete os compromisos asumidos coa solicitude. Se despois de realizar a actividade, resulta unha utilización dos medios persoais ou materiais superior á inicialmente prevista na solicitude, a entidade beneficiaria deberá presentar unha autoliquidación complementaria, no prazo de 5 días desde que finalizara a cesión.

Artigo 5. Devolucións.

5. A. Actividades programadas pola Deputación
No caso de que o espectáculo ou actividade non se poida celebrar, as entradas devolveranse integramente no despacho de billetes do Teatro, polo que se deberá exhibir e entregar no acto de devolución o xustificante correspondente.

5. B. Cesión a terceiros

Só se devolverán as cotas previamente autoliquidadas e ingresadas cando por razóns imputables á Deputación e motivada en causas de carácter técnico non poida celebrarse o espectáculo ou actividade.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

1. No relativo ás normas de xestión, para todo o non disposto nesta ordenanza, resultarán de aplicación supletoria as disposicións contidas na Ordenanza fiscal xeral desta Deputación.

2. A Presidencia da Deputación poderá, mediante resolución, establecer as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución desta ordenanza, así como resolver as dúbidas interpretativas, logo do informe previo da Secretaría Xeral e da Intervención.

DISPOSICIÓN FINAL

Logo da súa aprobación definitiva polo Pleno da Corporación, a presente ordenanza será publicada no Boletín Oficial da Provincia e, consonte co disposto no artigo 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, entrará en vigor unha vez transcorridos quince días hábiles desde a data de publicación.

SEGUNDO.- Este acordo expoñerase ao público no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da

Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia segundo establece o artigo 49.b da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases do réxime local.

TERCEIRO.- Unha vez aprobada definitivamente publicarase integramente o texto desta ordenanza.

CUARTO.- A ordenanza comezará a rexer:

a) Se non se producisen reclamacións, unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia o acordo de establecemento do prezo público e o texto completo da ordenanza reguladora, transcorrido o prazo establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local.
b) Se se producisen reclamacións, unha vez resoltas estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, aprobando a redacción definitiva da ordenanza, e unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia o acordo do establecemento do prezo público e o texto completo da ordenanza reguladora, transcorrido o prazo establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local.

42.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA NÚMEROS 17.026 DO 29/05/2017 E 18.304 DO 08/06/2017, DE CESAMENTO E NOMEAMENTO DE PERSOAL EVENTUAL.

O Pleno toma coñecemento das seguintes resolucións da Presidencia:

Número 17.026 do 29 de maio de 2017 sobre cesamento de persoal eventual.

Número 18.304 do 08 de xuño, modificada pola número 19.121 sobre cese e nomeamento de persoal eventual para realizar funcións sinaladas legalmente como de confianza e asesoramento.

MOCIÓN DOS GRUPOS PROVINCIAIS DE MAREA ATLÁNTICA E COMPOSTELA ABERTA SOBRE O IMPACTO AMBIENTAL DAS MINAS DE SAN FINS, EN LOUSAME.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Deputación da Coruña recoñece a importancia histórica das Minas de San Fins, con máis de 100 anos de historia, como parte do patrimonio industrial da provincia. O patrimonio industrial axuda ás sociedades actuais a entender o seu pasado, pero tamén a comprender mellor prácticas que hoxe son rexeitadas de xeito unánime, tanto pola sociedade como polo marco xurídico, particularmente desde o punto de vista do medio ambiente, dos dereitos laborais e do respecto pola memoria histórica.

Dentro do patrimonio industrial, o patrimonio mineiro deixa sempre un legado ambivalente, de avances en algúns campos, pero tamén de fondas feridas nos ecosistemas e moitas veces na saúde das poboacións afectadas. Particularmente, a minaría subterránea deixa en todas as explotación de algunha importancia o problema do tratamento das augas ácidas de mina, con altas concentracións de metais pesados que, nalgúns casos como o cadmio, son extremadamente perigosos. A falta de conciencia ambiental fixo que, ao seu peche, explotacións deste tipo deixaran sen resolver o problema continuado no tempo que representan estas drenaxes ácidas.

A responsabilidade para non perpetuar as malas prácticas mineiras do pasado implica, desde logo, a empresas e administracións, pero tamén á sociedade, que precisa estar consciente e alerta sobre os riscos asociados ás industrias extractivas. A educación ambiental é un importante instrumento neste sentido, e tamén o patrimonio industrial se presta a mostrar os erros do pasado para que non se repitan no futuro. No caso das Minas de San Fins, cuxa actividade se paralizara xa en 1990 e que agora pretende reiniciarse, é necesario garantir, como en todos os casos nos que se retomen antigas explotacións, que os proxectos se axustan aos parámetros legais e ambientais do presente, asumindo igualmente as responsabilidades de restauración sobre a situación herdada.

As dúbidas sobre o proxecto de San Fins fixeron que concellos como o de Noia e o de Muros aprobaran mocións de oposición á autorización de verteduras de augas residuais industriais en novembro de 2016 e que, semanas despois, as catro confrarías da ría e diversas asociacións, organizacións profesionais e institucións públicas presentaran alegacións contra o proxecto proposto pola empresa concesionaria. Ao problema das verteduras de augas de mina, e particularmente ao seu tratamento, súmase a existencia de dúas presas mineiras na bacía fluvial, colmadas de centenas de millares de metros cúbicos de residuos mineiros. O acontecido hai poucos anos coas balsas mineiras de Monte Neme fai que sexa necesario extremar as precaucións para que un desastre desas características non volva a producirse na nosa provincia, precisamente no corazón da produción marisqueira da provincia.

De feito, o pasado mes de marzo, pese á negativa da empresa a admitir os vertidos e as denuncias que presentou contra a asociación ADEGA por teren realizado tomas de mostras de auga, o organismo autónomo dependente da Xunta, Augas de Galicia, abriu un expediente que confirmaba non só a contaminación do rego de San Fins –afluente do río Vilacoba que, á súa vez, desauga na Ría de Noia-, senón que a presenza dalgúns metais pesados como o cadmio multiplican por 28 os máximos permitidos polas normas de calidade ambiental. Os límites legais de cadmio, cobre e zinc supéranse mesmo quilómetro e medio río abaixo.

Os problemas expostos e a preocupación social existente non só nos concellos directamente afectados, senón en toda a comarca e mesmo a nivel galego e internacional, xustifican o interese da Deputación da Coruña por esta cuestión, e que esta preste todo o seu apoio aos concellos directa ou indirectamente afectados.

Por eses motivos, os Grupos Políticos de Marea Atlántica e Compostela Aberta presentan a seguinte PROPOSTA DE ACORDO

1.A Deputación da Coruña demandará da Xunta de Galicia, en concreto, da Administración Hidráulica Galega, que na tramitación do expediente de autorización de valeirado do oco mineiro das minas de San Fins se garantan todas as medidas de control e seguridade que permita a preservación das condicións medioambientais do dominio público hidráulico, así como a calidade das augas da ría de Muros-Noia, evitando calquera contaminación ou afección directa ou indirecta á calidade das augas.

2.A Deputación da Coruña solicitará da Xunta de Galicia, en concreto á Consellería da Economía e Emprego, a aplicación das medidas necesarias para garantir que a explotación mineira de San Fins se realice sen afectar á contorna, nin producir efectos negativos sobre o medio ambiente.

3.A Deputación da Coruña solicitará á Xunta de Galicia a realización dunha avaliación da situación das presas mineiras existentes na explotación de San Fins co obxecto de garantir a súa seguridade, así como o cumprimento da normativa medioambiental.

MOCIÓN DOS GRUPOS PROVINCIAIS, PSDG-PSOE, B.N.G, MAREA ATLÁNTICA, COMPOSTELA ABERTA, E ALTERNATIVA DOS VECIÑOS POLA AMPLIACIÓN DA UNIDADE HEMODIÁLISE DO HOSPITAL VIRXE DA XUNQUEIRA DE CEE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo datos da Asociación para a Loita Contra as Enfermidades do Ril Alcer Coruña, ao redor dun 10% da poboación española sofre algún tipo de anomalía no funcionamento renal. Parte desta poboación pode acabar precisando algún tipo de tratamento renal substitutivo como son a diálise peritoneal, a hemodiálise e o transplante renal. O problema é o das persoas que por diferentes motivos médicos ou sociais non poden levar a cabo técnicas domiciliarias, senón que deben de estar sometidas a tratamento de hemodiálise nun centro hospitalario.

O tratamento de hemodiálise consiste na limpeza do sangue a través das máquinas de filtrado, xa que os riles non a realizan. Este tratamento ten unha duración de entre tres e cinco horas, como media, e debe de realizarse cunha frecuencia de días alternos, é dicir, ben en quendas semanais de luns-mércores-venres, ou ben, de martes-xoves-sábado. O tratamento a parte das cuestións físicas como o feito de vivir cunha fístula, produce efectos secundarios, como cansazo, e adaptación na dieta importantes, así como un estrito control da inxesta de líquidos. Deste xeito, podemos resumir que nos estamos a referir a unha situación de profundo impacto sobre o proxecto de vida das persoas en todos os ámbitos: laborais, socioeconómicos, familiares, de parella, na xestión do ocio e do tempo libre, sexuais....

No caso específico destas persoas veciñas da Costa da Morte, teñen o Hospital Virxe da Xunqueira como referencia, no cal unicamente existe unha quenda de luns-mércores-vernes, en horario de mañá e de tarde. Cóntase unicamente con 4 prazas na Unidade de hemodiálise deste hospital, polo que da cobertura apenas a 8 persoas da comarca. Tendo así as persoas que quedan fóra que realizar o tratamento na cidade da Coruña, por área sanitaria correspondentes, ou ben en Santiago, aqueles/as que pertenzan aos concellos de Carnota ou Mazaricos. O feito de contar cunha Unidade de hemodiálise no Hospital Virxe da Xunqueira infrautilizada, dá lugar a que as persoas teñan que realizar desprazamentos cada dous días a Santiago e/ou Coruña, provoca en moitos casos inviable o feito de manter o proxecto de vida individual, familiar e social.

As unidades de diálise na provincia da Coruña atópanse exclusivamente nas cidades de referencia (Ferrol, A Coruña e Santiago, exceptuando o caso de Ribeira que atende ás necesidades do Barbanza), mentres que no resto de provincias aténdense zonas non urbanas como A Mariña Lucense, O Barco de Valdeorras, Verín, O Porriño e Vilagarcía, a parte das unidades que existen en cada cidade principal de cada provincia.

Por todo o exposto, proponse ao Pleno da Deputación da Coruña a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Acordar a solicitude do aumento de quendas de hemodiálise aos martes, mércores e sábados como todas as unidades de toda Galicia, como axentes políticos

responsables do impacto social que a infraexplotación da unidade de hemodiálise supón en canto á desigualdade co resto de persoas en tratamento renal sustituivo de hemodiálise e o impacto sobre o proxecto de vida das persoas afectadas.

Segundo.- Solicitar o aumento de prazas para a realización de hemodiálise para cubrir as necesidades das persoas da comarca.

Terceiro.- Trasladar este acordo ao SERGAS e á Consellería de Sanidade, como órgano ao que compete a toma de decisión sobre esta situación.

MOCIÓN DOS GRUPOS PROVINCIAIS DO PSdG-PSOE, BNG-ASEMBLEAS ABERTAS, MAREA ATLÁNTICA, COMPOSTELA ABERTA E ALTERNATIVA DOS VECIÑOS EN REXEITAMENTO DO PECHE DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS NOS CONCELLOS DE AS PONTES E OUTES, POR PARTE DA XUNTA DE GALICIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 22 de xuño de 2017, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia fixo pública a decisión de pechar varios centros educativos de cara ao curso 2017-2018; entre eles, dous na provincia de A Coruña: o CPI Monte Caxado en As Pontes, e o CEIP Emilio Navasqüés, en Outes.

Á marxe do motivo exposto -"reorganizar a oferta educativa do municipio co fin de mellorar a calidade e a atención á diversidade"-, a forma en que se comunicou este peche é bastante cuestionable. O aviso tivo lugar no penúltimo día do curso, co período de matrícula en marcha, sen ningún tipo de diálogo coas comunidades educativas, de xeito unilateral e sen consulta previa.

A decisión de peche supón numerosos prexuízos, tanto aos profesionais docentes, como ao alumnado e ás súas familias: cambios de centro, de horarios e xornada, e mesmo de calidade na atención educativa. Sorprende, especialmente, que se teña decretado o peche de dous centros que contan con número suficiente de matrículas; de feito, o de Outes precisaría dunha nova unidade de infantil.

A Deputación Provincial de A Coruña rexeita a decisión unilateral, tomada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria sen ningún tipo de diálogo previo, de pechar varios centros educativos en Galicia, entre eles o CPI Monte Caxado de As Pontes e o CEIP Emilio Navasqüés de Outes, ao tempo que insta á Xunta de Galicia ao diálogo coas comunidades educativas e concellos afectados por esta medida de cara a reconsiderar esta decisión e diminuír os seus efectos negativos.